

sarria

O municipio conta cunha ampla programación cultural para setembro. **Páx. 5**

o páramo

A ANPA do CEIP do Páramo lanza unha campaña de sinaturas contra a Xunta. **Páx. 15**

láncara

Clausurado o obradoiro dual de emprego Os Soutos, compartido con Samos e Paradela. **Páx. 16**

samos

Unha ruta literaria pola vila puxo en valor a literatura galega. **Páx. 20**

triacastela

A Cova Eirós volve protagonizar a actividade cultural e de investigación do municipio. **Páx. 21**

Reclaman unha mellora integral do Chanto



A historia das bandas de música galegas

Desempeñan un papel fundamental na difusión da cultura e na unión de xeracións. **Páx. 10-11**

Novo programa 'Galatea' de AELU

A Deputación de Lugo inviste nun programa de formación de mulleres. **Páx. 14**

Camiño de Santiago V



O alumnado do obradoiro dual de emprego mellorou o campo da feira. **Páx. 5**

Estefanía Padullés



A ilustradora e escritora afincada en Paradela vén de publicar un novo libro. **Páx. 19**

SD Sarriana



O primeiro equipo da SD Sarriana estréase en Segunda RFEF e pide apoio. **Páx. 23**

A AC Taekwondo Sarria inicia a súa tempada

Desde o club esperan unha boa tempada e grandes resultados deportivos do alumnado. **Páx. 22**



INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



EXTENDEDOR DE SILO
MODELO VIMIANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS



CUIDAMOS EL
BIENESTAR
ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1,7 m³ Y 2.1m³



ENCENTRARÁS CUALQUIER TIPO
DE RECAMBIO AGRÍCOLA



¡CONSÚLTANOS SIN
COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS
ARRASTRADOS AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M
DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18
Y DE 3000 KG A 8000 KG.



MAQUINAS Y
RECAMBIOS
LEMKEN

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

O Chanto, un espazo de gran valor que necesita un cambio

Durante os meses de verán, e durante todo o ano, Sarria convértese na capital do Camiño Francés, lugar de partida e de paso para milleiros de peregrinos que se dirixen a Compostela. Mais a vila tamén é un espazo de encontro para os propios veciños, que disfrutan do río, das piscinas municipais e dunha ampla programación cultural. Ao carón das instalacións deportivas sitúase o parque do Chanto, un dos máis grandes e concorridos, especialmente polos nenos e nenas da vila, que se converteu nos últimos anos nun símbolo das carencias e tamén das melloras realizadas nos

espazos públicos de lecer. Este verán, o Goberno local puxo en marcha unha intervención para renovar dez xogos do parque cunha visión integradora grazas á colaboración da Plataforma Diversa Infantil. Así, instalouse un valado de madeira na zona máis próxima ao río, colocouse un pavimento de caucho absorbente de impactos que ampliou en cen metros cadrados a superficie existente e acondicionáronse outros cincuenta metros que se atopaban deteriorados. Tamén se mellorou o acceso principal e está prevista a instalación de paneis educativos,

entre eles o tradicional tres en raia. **UN PARQUE ACUÁTICO.** Ademais destas actuacións, o Concello de Sarria anunciou a súa intención de destinar 130.000 euros para a adquisición de varias parcelas na zona do Chanto para a creación dun parque acuático e a ampliación da superficie verde vinculada ás piscinas exteriores. A leira máis grande, de 4.448 metros cadrados, dos cales unha parte é edificable e o resto ten consideración de solo dotacional, linda coa rúa Celso Emilio Ferreiro e atópase ao carón



das piscinas exteriores. O goberno local sinala que o obxectivo é dotar á vila dun parque acuático, compromiso incluído no programa electoral de Camiña Sarria, e mellorar a zona verde para o uso da cidadanía. O alcalde, Claudio Garrido, e o edil de Deportes, Félix Seijas, destacaron que “a orografía desta parcela presta condicións idóneas para levantar un bo parque acuático” e que o propósito é que tanto nenos como maiores dispoñan de espazos modernos e dinámicos nos que poidan xogar e gozar do tempo libre. Segundo explicaron, primeiro habilitarase a parcela adquirida como zona de espaxamento e posteriormente darase o paso á construción do parque acuático, cun proxecto definido e a busca de financiamento para levalo a cabo. Engadiron que se pretende combinar novas áreas de xogo infantís con elementos para o

público adulto, así como mellorar as instalacións exteriores das piscinas municipais, entre elas a climatización. O goberno sarriao destaca que xa están traballando no deseño e na busca de financiamento para acometer este proxecto, porén, non dan especificacións nin dan prazos.

CRÍTICAS DA OPOSICIÓN. O Grupo Municipal Popular de Sarria volve instar ao Concello a poñer en marcha un proxecto global para a recuperación de O Chanto, que inclúa a valorización da totalidade da contorna e da súa praia fluvial. Os populares lembran que esta petición non é recente, xa que foi defendida en anteriores mandatos e tamén no actual, con dúas mocións aprobadas a proposta do Partido Popular, nas que se reclamaba unha rehabilitación integral do espazo e a posta en valor da zona de baño.

ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha **comparativa de aforro** personalizada:

ENTRA E INFORMATE!

982 876 681

sarria@xenera.com

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

o principal comercializador de enerxía 100% verde. Con máis de 130 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

A CASA

::cenor

iTe hacemos la vuelta más fácil!

359€

359€

::cenor

iTe hacemos la vuelta más fácil!

449€

100€

Rúa Diego Pazos, 5,
27600 Sarria, Lugo

982 53 09 25

info@electrodomesticosacasa.com

Concretamente, en 2021, os populares pediron un Proxecto de Recuperación integral da zona do Chanto e este ano 2025 levaron a pleno unha iniciativa para reclamar a posta en marcha dun proxecto integral de recuperación da praia fluvial do Chanto.

Con todo, sinalan que o executivo municipal segue sen cumprir eses acordos e prolonga a situación de abandono dun enclave central para Sarria, limitándose a anunciar actuacións illadas que non afrontan a necesidade real de devolver este espazo ao uso e gozo da veciñanza durante todo o ano. A adquisición das novas parcelas no seu entorno supón, segundo o PP, unha oportunidade clara, mais subliñan que debe entenderse como parte dun plan máis ambicioso que dea prioridade á restauración completa de O Chanto, que continúa nun estado preocupante de deterioro: deficiente iluminación, elementos e lámpadas avariadas, pavimento desgastado e mesmo inexistente nalgúns puntos.

A formación popular defende un proxecto que contemple, de maneira imprescindible, a recuperación da praia fluvial, a rehabilitación do edificio municipal apuntalado desde 2020, a mellora

do paseo, a reposición ou reparación das varandas, a substitución do mobiliario en mal estado e a posta en marcha dun plan de limpeza e mantemento continuado que garanta un entorno digno.

“O Chanto non pode seguir sendo un espazo degradado. A prioridade debe ser a súa recuperación integral, pois forma parte da memoria colectiva de Sarria”, destacou a portavoz, Carmen José López.

Así mesmo, os populares insisten en que “coidar O Chanto non é levar a cabo unha obra illada, senón recuperar un símbolo da vila e proxectalo cara ao futuro como lugar de encontro, lecer e recordo”. “Calquera intervención do Concello debe enmarcarse nun proxecto global, sostible e dirixido á posta en valor dun espazo esencial para a localidade”, engadiron os edís do PP.

OUTROS ESPAZOS. Os veciños e veciñas de Sarria, pola súa parte, consideran que as melloras resultan insuficientes. “O Chanto necesita moito máis, é un parque enorme e ten moitas deficiencias que aínda non se resolveron, como xogos abandonados e zonas verdes sen coidar”, lamentan varios usuarios consultados. A percepción de abandono repí-

tase tamén noutros espazos de lecer, como o parque das Insuas, onde, segundo denuncian, “os xogos están deteriorados, falta mantemento, hai estruturas sen pintar e iso dá unha imaxe moi pobre dun lugar que debería estar preparado para a xente e para os visitantes que veñen a Sarria”. A preocupación non é só estética, senón tamén de seguridade, xa que estes espazos son frecuentados por nenos pequenos. “Se un cativo se fai dano por culpa do mal estado dos xogos, a responsabilidade é do Concello, que leva anos sen un plan serio de mantemento”, engaden os veciños.

A realidade amosa que, malia os avances puntuais no Chanto, moitos dos parques de Sarria seguen presentando carencias que afectan á súa utilización segura e á imaxe da vila nun dos momentos de maior afluencia de visitantes.

Veciñanza e oposición coinciden en que é necesario un plan global que asegure a posta en valor destes espazos durante todo o ano, pero especialmente nos meses de verán, cando máis se empregan e cando Sarria busca proxectarse tamén como referente de acollida no Camiño de Santiago.

Critican o "abandono" da Ponte da Áspera



O PSdeG-PSOE de Sarria advertiu de dúas problemáticas que, ao seu xuízo, deterioran a imaxe da vila, reducen a comodidade dos veciños e poñen en risco o patrimonio histórico: a instalación de seis contedores de lixo agrupados no centro urbano, a poucos metros das terrazas de bares e restaurantes, e o avanzado estado de abandono da Ponte da Áspera, símbolo do Camiño de Santiago no seu paso polo municipio.

O voceiro socialista, Benjamín Escontrela, cualificou ambas situacións como “un exemplo máis da deixadez e da falta de sensibilidade do alcalde, que prexudica por igual á veciñanza e aos visitantes”. Explicou que a colocación recente dos colectores “provoca un forte impacto visual, malos cheiros e unha convivencia forzada entre zonas de lecer e puntos de recollida de residuos”. Engadiu que nesta mesma contorna existe un panel informativo “ilexible” que “non cumpre nin sequera a súa función básica, que é informar”. O PSdeG esixe a relocalización dos colectores, unha limpeza máis exhaustiva da zona e a reparación do panel informativo. No ámbito patrimonial, o portavoz alertou da degradación da Ponte da

Áspera, unha construción de orixe medieval con tres arcos románicos que conecta a etapa do Camiño Francés entre Sarria e Portomarín. Este paso sobre o río Celeiro, destacou, “presenta danos evidentes na súa calzada e contorna que poñen en risco a seguridade de veciños e peregrinos e prexudican a imaxe cultural de Sarria”.

O socialista cualificou a situación de “vergoñenta” e lembrou que no último pleno municipal xa se preguntou ao alcalde polas medidas previstas, obtendo como resposta que “a responsabilidade era da Xunta e de Patrimonio”. Para o PSdeG, “isto non exime ao Concello da obriga de actuar e de liderar as xestións necesarias para protexer un ben de tanto valor histórico e turístico”.

“O alcalde debe reclamar á Xunta e a Patrimonio unha intervención inmediata. A Ponte da Áspera non pode seguir deteriorándose, porque é parte da nosa historia e unha porta de entrada para milleiros de visitantes cada ano”, subliñou Escontrela. O grupo socialista demanda que o goberno local actúe “con urxencia e responsabilidade” para resolver ambas cuestións, que “danan a imaxe da vila”.



**PERMUY
GESTIÓN**

CORREDURÍA DE SEGUROS

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con
nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de septiembre!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en
productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 86 27600 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47
982 53 50 63
610 221 677

Oural contará con vestiarios renovados

O Goberno local de Sarria anunciou un investimento de 54.545 euros para a reforma dos vestiarios do polideportivo de Oural, cun proxecto que ten como obxectivo mellorar tanto a eficiencia enerxética coma o confort dos usuarios desta instalación municipal.

As obras, que se atopan actualmente en fase de contratación, deberán estar finalizadas antes do 31 de outubro. As empresas interesadas poden presentar as súas ofertas ao concurso público ata o día 21 deste mes.

Segundo recolle o expediente, o polideportivo de Oural é unha instalación de titularidade municipal que precisa dunha mellora debido ao paso do tempo e tamén para incrementar a súa eficiencia enerxética.

A intervención inclúe a substitución da cuberta actual de chapa galvanizada por outra de paneis tipo sandwich de 30 milímetros de espesor, con maior capacidade de illamento térmico. Ademais, selaranse e impermeabilizaranse os elementos de carpintería existentes para evitar filtracións de humidade no interior.

O executivo municipal subliñou que esta actuación permitirá modernizar os vestiarios, incrementar a sustentabilidade do espazo e ofrecer un mellor servizo. Desde o Concello destacan que esta obra responde á estratexia de apostar por instalacións máis sostibles e eficientes, ao tempo que se garanten unhas condicións adecuadas para a práctica deportiva.

O IES Xograr Afonso Gómez recibe o Premio Galicia Saudable

O IES Xograr Afonso Gómez de Sarria vén de recibir a noticia de que foi galardoado na edición 2023-2024 dos Premios Deporte Galego na categoría 'Premio Galicia Saudable ás entidades destacadas no fomento e promoción da actividade física e hábitos de vida activa', dentro do apartado de entidades educativas.

A Xunta de Galicia recoñece deste xeito o esforzo do centro por impulsar a saúde e a vida activa, unha liña que percorre todos os departamentos, máis aló da Educación Física.

Entre as iniciativas valoradas destaca o programa de mobilidade sostible e segura coa campaña "En bici ao Xograr. ¡Anímate a pedalear!", que leva cinco anos promovendo o uso da bicicleta entre o alumnado mediante préstamos e actividades complementarias.



Ademais, o IES desenvolve un amplo abano de propostas para fomentar hábitos saudables, prever condutas de risco, coidar o benestar emocional, formar en soporte vital básico a alumnado e profesorado, organizar actividades deportivas intercentros, dar a coñecer modalidades deportivas minoritarias, impulsar o contacto

coa natureza e promover o lecer activo dentro e fóra do centro. O centro agradeceu o recoñecemento, destacando a implicación do profesorado e do alumnado, así como a colaboración de entidades, asociacións, federacións, clubs deportivos e empresas locais que fan posible esta ampla oferta de actividades.

Alar Galicia abre unha nova oficina en Sarria

A organización Alar Galicia, entidade sen ánimo de lucro que traballa en toda a comunidade apoiando a persoas en situación de vulnerabilidade, abriu unha nova oficina no municipio de Sarria que comezou a funcionar o 1 de setembro.

O obxectivo desta apertura é reforzar o compromiso co desenvolvemento social e comunitario, poñendo ao alcance da veciñanza todos os seus programas de carácter gratuíto.

Para calquera consulta ou proposta de colaboración, a per-

soa de contacto será Fernando González Truque.

En Alar Galicia están inmersos en tres programas: Programa Mellora, Programa Mellora + e Programa de Mediación Social e/ou Intercultural, subvencionados pola Consellería de Política Social e Xuventude para promocionar actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social para os anos 2023 a 2025, e cofinanciados parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa FSE+.

Presentadas as contas do San Xoán, cun balance económico positivo

O Concello de Sarria deu a coñecer o balance económico das festas de San Xoán de 2025, desenvolvidas entre o 20 e o 24 de xuño, cun desembolso total de 201.914 euros.

Deles, 176.934 foron achegados directamente polas arcas municipais, mentres que a Vicepresidencia da Deputación colaborou cunha axuda de 25.000 euros a través do programa Vilar Xoán, que incluíu varios concertos.

A concelleira de Festas, Geni Valcárcel, explicou que o orzamento municipal para estas celebracións é de 175.000 euros,

cantidade á que se suman os ingresos pola instalación de barras e outras actividades.

O capítulo de maior gasto correspondeu ás orquestras, que supuxeron 88.499 euros, seguido da contratación de Panorama City, que ascendeu a 18.000 euros.

Pola súa parte, a Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) percibiu 11.370 euros en concepto de dereitos de autor.

Outros apartados incluíron 12.676 euros para a feira cabalar, 21.097 euros para a feira de San Xoán, ademais de partidas

destinadas a animacións infantís, espectáculos de rúa, actividades deportivas e a tradicional misa e procesión.

No capítulo de ingresos, o Concello recadou 25.410 euros polas barras, ao que se engaden as achegas por atraccións e facturas doutros servizos.

O informe económico reflicte tamén partidas como actividades deportivas, por valor de 1.300 euros; xogos populares cun orzamento de 1.700, eventos taurinos por valor de 5.445 e gastos de publicidade.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados

NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN

Móvil: 692 946 694
629 817 933
comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros

TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.:982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

Clausurado o obradoiro dual de emprego Camiño de Santiago V

A Xunta de Galicia entregou os diplomas ás persoas participantes no obradoiro dual de emprego Camiño de Santiago V de Sarria, unha iniciativa financiada pola Administración autonómica con 412.000 euros e promovida polo Concello.

As alumnas e alumnos traballadores recibiron formación en albanería e carpintería.

No acto de clausura, a directora territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Carmen José López, destacou os avances acadados polos participantes, especialmente na posta en valor do campo da feira. Alí rehabilitaron dous pendellos e executaron as canalizacións necesarias para renovar as instalacións de electricidade, alumeado público e telefonía, continuando así cos traballos realizados en edicións anteriores. Tamén levaron a cabo a



colocación de portas, xanelas e revestimentos de madeira na oficina de turismo, así como melloras estéticas no Camiño mediante a ocultación de contedores.

Segundo subliñou López, “o resultado destes traballos pon de manifesto o nivel da formación que se imparte

nos talleres de emprego financiados pola Xunta”.

Ademais, animou aos participantes a aproveitar os coñecementos adquiridos para incorporarse ao mercado laboral e explorar a posibilidade de emprender en sectores con alta demanda de profesionais.

Ampla programación cultural para setembro



O Concello de Sarria deu a coñecer a programación cultural para setembro, un mes que chegará cargado de propostas variadas destinadas a todos os públicos.

A actividade comezou o 1 cun campamento dixital de Cibervoluntarios, dirixido a nenos e nenas de 9 a 13 anos, que se desenvolveu ata o día 5 na Aula CeMIT da Casa da Cultura. Tamén destacou o XIII Festival Garitosis o sábado 6, que encheu a Rúa da Música de concertos; e tamén tivo lugar o concurso de rap Freestyle Sarria na Sociedade Cultural A Unión.

Do 5 de setembro ao 4 de outubro estará aberta na Oficina Municipal de Turismo a exposición Castela Grafista, que permitirá achegarse á obra visual e á faceta máis creativa do intelectual galego.

A programación inclúe tamén obradoiros de iniciación teatral para idades comprendidas entre os 5 e os 17 anos, que se celebrarán na Casa da Cultura os días 16 e 23 en diferentes horarios segundo os tramos de idade.

O teatro terá un protagonismo especial coa IV Mostra de Teatro Iván Tourón Morais. O venres 19 representa-

rase A historia de Rata o Pirata, de Olivas Negras; o domingo 21, Neura, de De Ste Xeito Producciones; o venres 26, Circo na Biblioteca, de Dani Blanco, na Biblioteca Pública Camilo Gonsar; e o domingo 28, Vermello, a cargo de Rebuldeira Teatro.

A música regresará o sábado 20 coa agrupación Ars Combinatoria, que ofrecerá un concerto de tríos natos barrocos na igrexa de San Salvador a partir das 20:00 horas.

CICLO MESTRE MATEO. Por outra banda, A Sociedade La Unión de Sarria deu comezo ao ciclo de cine dos Mestre Mateo coa proxección da película '+Cuñados' o 31 de agosto, dirixida por Luis Avilés e seguiu coa proxección de 'Aurora' o 7 de setembro.

O ciclo continuará con novas propostas cada semana, sendo o 13 de setembro 'As Neves', o 21 de setembro 'Filmei paxaros voando' e o 28 de setembro 'Honeymoon'. Xa en outubro, o público poderá ver 'Prefiro condenarme' o 5, 'Xustiza artificial' o 12, 'Salvaxe, salvaxe' o 19, e finalmente, o 26 de outubro, presentarase unha selección de curtametraxes.

Peleriños abre a matrícula das súas aulas en Sarria para o novo curso

A Asociación Cultural Peleriños de Sarria vén de anunciar a apertura do prazo de inscrición para as actividades do curso 2025/2026, cunha ampla programación destinada tanto a persoas adultas como a público infantil.

As aulas para adultos desenvólvanse ao longo da semana con propostas variadas: os martes haberá canto e pandeireta ás 18:30 horas e baile de iniciación ás 19:30; os mércores terá lugar o club de costura; os venres estarán dedicados ao baile, con clases de iniciación ás 20:00 e perfeccionamento ás 21:00; e os



sábados, ás 18:30, será a quenda de gaita e percusión.

Para o alumnado máis novo, as sesións concentraranse os venres. A programación inclúe música ás

16:15 e baile ás 17:30 para nenos e nenas de 4 a 6 anos, mentres que ás 16:30 terá lugar a clase de baile e ás 17:30 a de música para rapaces e rapazas de 7 anos en diante.



PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI

!!OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar

-25% en la segunda pizza mediana

Martes Familiar de Jamón a Batán 8€

Servicio a domicilio

Rúa Diego Pazos, 30 - Balao Sarria

982 012 026

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com

Tfno.: 982 886 580

cafebarcubano

“Os clientes valoran a calidade do produto e recibir un bo servizo”

José Ángel Millares xestiona, xunto a Gloria Millares, a empresa Millares Torrón, situada no km 5 da N-540 en Lugo e que chega a Sarria e comarca

Jessica Fernández

Este ano o negocio fai 50 anos, como foron os comezos?

O negocio iniciouse no ano 1975 en Castroverde da man de dous socios, Díaz e Torrón. En 1979 trasladouse a Lugo, á Ronda da Muralla, e en 1990 instalouse definitivamente no quilómetro 5 da estrada de Santiago, onde continúa na actualidade. No ano 2009 Díaz e Torrón decidiron tomar camiños separados, o que deu lugar á fundación de Millares Torrón S.L. Máis adiante, en 2019, abrimos unha nova tenda no quilómetro 3 da mesma estrada de Santiago, baixo o nome de Millavén, especializada en xardinería e na oferta de vehículos de recreo, como *buggies* e *quads*.

Volvendo ao presente, como se atopa o negocio na actualidade?

Na actualidade contamos cun cadro de 30 traballadores e unha facturación anual de arredor de 16 millóns de euros, cun crecemento sostido do 20 % cada ano. A evolución da empresa foi moi positiva: en 2009 produciuse a separación dos socios e un cambio de nome, e hoxe a dirección está nas mans da miña irmá, Gloria Millares, e máis eu, José Millares. A nosa vocación é apostar sempre por marcas punteiras, traballando con firmas de primeiro nivel. Somos número un venda de manipuladoras telescópicas en Galicia e distribuímos en exclusiva os manipuladores JCB para todo o territorio galego. Desde Lugo atendemos clientes de toda Galicia, mantendo un compromiso firme coa calidade e coa innovación.

Destaca o seu alcance na comarca de Sarria e da Terra Chá.

Traballamos especialmente nestas dúas comarcas, onde existe unha grande demanda de produtos agrícolas debido á alta concentración de granxas de leite e de vacún. Os principais clientes son, polo tanto, os propietarios de explotacións agrícolas e gandeiras. A nosa oferta non se limita aos tractores, senón que abrangue tamén maquinaria para a forraxe de herba e millo, así como todo o relacionado co ensilado, unha das actividades que máis traballo xera en Galicia. Cómpre ter en conta que, para o laboreo previo á sementeira e para a recollida da herba, son necesarias máquinas potentes e especializadas. Traballamos con dúas recoñecidas marcas alemás para o tratamento do chan, Amazone e Krone, ademais de distribuír produtos de Valtra e JCB. Así mesmo, dispoñemos de maquinaria para a trituración de prados e para o mantemento forestal, fundamental para manter os terreos limpos, algo especialmente relevante nas explotacións gandeiras do rural e que se pon de manifesto tamén na prevención dos incendios.

Ademais da venda de maquinaria nova, tamén teñen un servizo de maquinaria usada.

Si, vendemos maquinaria nova das marcas que mencionamos e dispoñemos dun servizo de recambios para todas elas, ofrecendo así unha atención integral que abrangue desde a compra ata o final da vida útil da máquina. Durante todo ese proceso estamos

sempre ao dispor dos nosos clientes, xa sexa para subministrar pezas ou para realizar labores de mantemento no noso taller. Ademais, apostamos pola reciclaxe e a reutilización. Cando un cliente nos comunica que a súa máquina xa non lle resulta útil, recollémola, revisámola e poñémola de novo á venda en condicións óptimas. Para iso contamos cun equipo de 11 mecánicos especializados que se encargan de reparar tanto a maquinaria nova como a usada, garantindo a súa posta a punto e ofrecéndoa sempre cunha garantía de calidade.

Contan cunha nova gama de tractores, non?

Hai dez anos comezamos a traballar coas manipuladoras telescópicas de JCB e hai dous que estamos introducindo moi firmemente os tractores de JCB, os FASTRAC, xa que en toda Europa está medrando a venda de este modelo de tractor; polo que tamén realizamos demostracións. Todos os que os proban coinciden en que son os máis cómodos do mercado, con tracción ás catro rodas, sistemas de seguridade avanzados como ABS e freada integral nas catro rodas, semellante á dun camión, capacidade para acadar velocidades superiores na estrada, arredor dos 70 e 80 km/h, e cun nivel de seguridade moi elevado. Trátase dun modelo que ata hai pouco apenas se vendía, pero que está experimentando un crecemento notable, duplicando as vendas cada ano. A propia fábrica está a incrementar a produción para dar



resposta á alta demanda destes tractores JCB. Realizamos entre 25 e 30 demostracións anuais en diferentes puntos de Galicia, e nos dous últimos meses xa levamos varias xornadas deste tipo. Os clientes poden solicitar probar o tractor durante un día completo de forma gratuíta, unha experiencia que se traduce en vendas directas. Ademais, o boca a boca funciona á perfección: cando un cliente compra un destes tractores, xa o vende logo el.

Como valoran os seus clientes o servizo prestado?

Hoxe en día o servizo rápido é fundamental, e por iso esforzámonos en ofrecer a mellor atención posible. Os clientes valoran moito recibir un bo servizo, e nós traballamos intensamente para garantir que as máquinas estean sempre a punto durante as campañas. Para iso dispoñemos de maquinaria de substitución, de maneira que, se se produce unha avaría nun equipo, poidan dispoñer dunha solución inmediata. Outro aspecto clave é o asesoramento. Moitos clientes non teñen claro que maquinaria lles convén, e aí é onde entra en xogo a nosa experiencia. Aconsellamos sempre en función das súas necesidades concretas e

das características da súa explotación, ofrecendo ideas e solucións adaptadas a cada caso. Por iso, temos unha clientela moi fiel, xa que arredor do 70% continúa confiando en nós, cunha compra recorrente. É dicir, a maior parte das máquinas que ten o cliente na súa explotación agrícola son da nosa empresa, e a iso chámase unha boa fidelización do cliente. Isto débese á proximidade no trato, á calidade do servizo e do produto, así como ao carácter familiar da empresa, que coñece de primeira man as necesidades do sector.

Que expectativas teñen de cara ao futuro?

O noso obxectivo de cara ao futuro con JCB é aumentar a cota de mercado en Galicia. Pretendemos consolidar a presenza da marca e ampliar a rede de servizos para estar máis próximos ao cliente, creando talleres colaboradores noutros puntos da comunidade e garantindo que cada provincia conte cunha referencia oficial como concesionario JCB. Xa contamos con talleres colaboradores e queremos seguir habilitando novos talleres certificados por nós. Aínda que queda traballo por facer, as bases para crecer e mellorar xa están asentadas.

OSCAR
ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES

Alquiler de Vehículos en Sarria

VEHÍCULOS INDUSTRIALES

DESDE **36€** /DÍA

TURISMOS

DESDE **30€** /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS

DESDE **90€** /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...




O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)

Miralllos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696




RESTAURANTE A CARBALLEIRA DE REBOLEIRA
LEÑA Y CARBÓN

MAESTROS DE LA PARRILLA

Instagram: a.reboleira.restaurante
San Martín de Río Lancia
A Reboleira 27692
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Facebook: Casa de Aira Padron





982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA (Lugo)

A Pulperia de Luis




RIO LOYO
Restaurante

Mesón Castro



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697





Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Instagram: Catering_meson_a_pontenova
Facebook: Meson pontenova






A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



A Xunta emite unha DIA favorable ao proxecto de Votorantim



A Xunta emitiu declaración de impacto ambiental (DIA) favorable ao proxecto presentado por Votorantim Cementos España para construír unha nova nave de produción de combustibles sólidos recuperados (CSR) a partir de residuos industriais e urbanos non reciclables no Concello de Sarria. Esta aprobación, publicada no Diario Oficial de Galicia, está condicionada ao cumprimento das exigencias recollidas nos informes sectoriais e na propia DIA, co obxectivo de minimizar e compensar o impacto na contorna. Paralelamente, está en tramitación a autorización ambiental integrada (AAI), necesaria para completar o procedemento. A nave, que se construír no lugar da Oural, ocupará unha parcela de 5.820 metros cadrados dentro do terreo da planta de produción de cemento da compañía, que ten unha superficie total de 215.282 metros cadrados. As instalacións dividiranse en tres áreas principais: unha zona de recepción e almacenamento do material entrante, con cinta transportadora cara ao seguinte espazo; unha área de triturado primario

con separadores para recuperar materiais reciclables e clasificar o material segundo a súa densidade; e unha terceira zona destinada ao almacenamento do CSR para a súa expedición. Unha vez a pleno rendemento, a planta tratará máis de 160.000 toneladas anuais de residuos industriais e urbanos non reciclables, producindo 85.000 toneladas ao ano de CSR de distintas calidades para o seu uso no queimador principal ou no calcinador da fábrica de cemento. As condicións establecidas na DIA inclúen medidas de protección da atmosfera, poboación e saúde, augas e leitos fluviais, solo e infraestruturas, xestión de residuos, patrimonio natural, integración paisaxística, restauración, eficiencia enerxética e prevención de accidentes graves ou catástrofes. Esta aprobación ambiental non exige ao promotor de obter as licenzas, permisos e informes necesarios para executar e desenvolver a iniciativa, que seguirá baixo vixilancia para asegurar o cumprimento de todas as condicións impostas.

Sarria acolle a campaña 'Non camiñas soa' na ruta xacobeas

Sarria acolle unha nova edición da campaña 'Non camiñas soa', que busca promover un Camiño de Santiago libre de violencia machista. A proposta inclúe a distribución de material informativo e recursos en 40 puntos desta localidade lucense, situada nun dos tramos máis transitados do Camiño Francés. A iniciativa, promovida polas unidades contra a violencia machista das comunidades autónomas polas que discorre a ruta xacobeas, ten como obxectivo reforzar a protección das mulleres peregrinas, tanto se realizan o percorrido soas como acompañadas, garantindo a súa seguridade e liberdade durante toda a viaxe. As tarxetas inclúen números de emerxencia e datos de contacto das Forzas e Corpos de Seguridade, así como información sobre a aplicación AlertCops, que permite enviar alertas en tempo real coa localización exacta. Ademais, un código QR enlaza cunha páxina oficial da Delegación do Goberno para a Violencia de Xé-



nero, dependente do Ministerio de Igualdade, onde se recollen recursos de atención e asistencia. Isabel Rodríguez, subdelegada do Goberno de Lugo, destacou que, no ano 2024, as mulleres representaron xa a maioría das persoas que completaron o Camiño de Santiago, cun 53 % do total, o que equivale a 254.677 peregrinas, fronte a 210.423 homes. "Esta realidade reforza a necesidade de iniciativas como esta, que buscan


garantir a seguridade e liberdade das peregrinas ao longo do percorrido". Na provincia de Lugo, a campaña estenderase este ano a 377 puntos das rutas xacobeas, onde se colocarán 377 carteis e se repartirán 7.540 tarxetas en español e inglés. En Sarria, o material estará dispoñible no posto da Garda Civil, na sede da Policía Local, en cinco farmacias, 29 albergues, dúas oficinas de turismo e no centro de saúde.

O Ribela Love Nature reafírmase como un festival de referencia en Sarria

O festival Ribela Love Nature concluíu cun balance altamente satisfactorio segundo os seus organizadores, que destacaron que o evento "superou todas as expectativas". A dirección do encontro subliñou que desde a súa primeira edición o festival se converteu nun proxecto en constante evolución, marcado por momentos inesquecibles e fortes conexións entre artistas e público. Ademais de reivindicar a súa paixón pola música, os promoto-

res puxeron en valor a comunidade que cada ano se suma á cita, creando unha atmosfera "única, cálida e aberta" que favorece que os músicos se sintan cómodos sobre o escenario e poidan conectar co público. "Sabemos que a vida trae retos, e que dedicar tempo a vir aquí, a desconectar e reconectar co que realmente importa, non ten prezo", indicaron, agradecendo o compromiso dos asistentes que

fixeron posible unha experiencia que cualificaron como "mágica e inesquecible". A organización tamén destacou que Ribela é máis que un festival, xa que se entende como unha comunidade que non sería posible sen a participación activa do público. Finalmente, lembraron que a historia non remata con esta edición, senón que continuará escribíndose nos próximos capítulos do Ribela Love Nature.



maderasgrandas



MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com



MARMOLES VILARIO



ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

**De las más prestigiosas marcas del mercado*

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

A Noite Meiga de Sarria volve despedir o verán da mellor forma

Sarria viviu unha das súas fins de semana máis máxicas coa celebración da Noite Meiga 2025, organizada pola asociación cultural Meigas e Tragos, que encheu o Parque do Chanto de tradición, festa, cultura e sentimento de comunidade entre o venres 29 e o domingo 31 de agosto. O inicio da programación contou cunha multitudinaria andaina popular con fachos desde o cruce de Castro Camiños, que abriu paso a unha noite chea de música. O concerto de Xabier Díaz xunto coas Adufeiras de Salitre, acompañado polas actuacións de Mondra e Russinha, converteuse nun dos momentos máis especiais do venres, reunindo a centos de persoas que gozaron dunha posta en escena vibrante e chea de emoción. O sábado mantivo o nivel festivo cun completo programa no que se incluíron o concerto da Banda de Música



da Comarca de Sarria e Clarisaxos, o pregón coa participación de Meigas e Tragos, unha multitudinaria cea popular e, xa de madrugada, a tradicional Danza da Noite Meiga, seguida polas actuacións de The Crooners e Banana Joe. A programación pechouse o domin-

go coa Tardiña Meiga, que ofreceu ao público familiar un concerto didáctico co espectáculo Toupelear, a cargo de Branquipanqui e Pablo Pintor, poñendo o broche final a unha edición que reafirmou á Noite Meiga como unha cita imprescindible no calendario cultural de Sarria.

O Club Clásicos organiza a V concentración de vehículos antigos



O Club Clásicos Sarria anunciou a celebración da V Concentración de Vehículos Clásicos Vila de Sarria, que se desenvolverá o 21 de setembro. Durante esta xornada, os asistentes poderán desfrutar dunha exposición de vehículos clásicos, parti-

cipar nunha ruta e visita turística, e compartir unha comida colectiva. Ademais, o evento incluírá agasallos e sorteos para todos os participantes, consolidándose como unha cita destacada para os amantes dos coches históricos na comarca.

A Asociación Cultural Huhú presentou o número 9 da revista Macheta

A Asociación Cultural Huhú de Sarria presentou o número 9 da súa revista Macheta nun acto que contou coa presenza de decenas de persoas. A cita, celebrada na Sede, coñecida como capital cultural da Feculera, converteuse nun encontro cheo de artistas, amizades e público, consolidando un proxecto que a veciñanza cualificou como "ilusionante" e "moi ben acollido".

Durante a presentación, resaltouse o labor da asociación por rescatar do esquecemento esta antiga publicación, recuperándoa como



un símbolo da memoria cultural sarriá. Cada páxina desta nova edición foi deseñada por unha persoa vinculada á arte moderna

ou á vida cultural local, o que deu como resultado un proxecto ilustrado e cooperativo que puxo en valor a creatividade da vila.

A antiga prisión preventiva acolle unha nova exposición

Desde o venres 5 de setembro e ata o sábado 4 de outubro, a Oficina Municipal de Turismo de Sarria exhibe a exposición Castelao grafista (facsimile), unha selección de traballos do polifacético creador Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

A mostra, instalada no edificio da antiga Prisión Provisional, permite achegarse ao extenso legado gráfico do rianxeiro, figura fundamental da cultura e da política galega.

A iniciativa forma parte do programa do Ano Castelao 2025, co

que se conmemora o 75 aniversario do falecemento do caricaturista, debuxante, ilustrador, columnista, escritor, pintor, escenógrafo, ensaísta, historiador, etnógrafo, teórico e político que marcou un fito na historia de Galicia.

A exposición pode visitarse en horario de luns a sábado, de 9:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:30 horas, converténdose nunha oportunidade para descubrir ou redescubrir a vertente gráfica dun dos nomes máis destacados da identidade galega.

ESTE VERANO NO DESCUIDES TU SALUD BUCODENTAL



- Odontología estética
- Ortodoncia
- Odontología preventiva
- Implantología oral
- Endodoncia
- Cirugía oral
- Prótesis
- Periodoncia
- Odontopediatría
- Patología de la oclusión

¡VEN A CONOCER A NUESTRO EQUIPO DE ESPECIALISTAS!

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

AS BANDAS DE MÚSICA

Tradición e futuro da cultura galega

A comunidade autónoma de Galicia conta, desde o século XIX, con centos de bandas de música popular que desempeñan un papel fundamental na difusión da cultura tradicional e na creación de lazos que unen xeracións a través da música

Raquel Pérez
En Galicia existen hoxe en día centos de bandas de música tradicional que, desde o século XIX, veñen desempeñando un papel esencial na difusión da cultura popular, dentro e fóra da comunidade. Este tipo de agrupacións non só proxectan o folclore galego máis alá das nosas fronteiras, senón que tamén cumpren unha función social, creando lazos entre xeracións a través da música e da tradición, ao tempo que actúan como verdadeiras embaixadoras culturais dos concellos aos que representan. As primeiras agrupacións xurdiron no século XIX, inspiradas nas bandas militares. Moitos directores e músicos formados nese ámbito atoparon nestas formacións civís un espazo onde continuar a súa práctica musical e abrir novas oportunidades profesionais. Desde entón, Galicia viu nacer centos de bandas que seguen hoxe a enriquecer o seu patrimonio cultural e que se expanden por todo o territorio.

REFERENTES HISTÓRICOS

Entre todas, a Banda Artística de Merza, fundada en 1828, está recoñecida como a máis antiga de Galicia. A súa historia, marcada por divisións e posteriores reunificacións, consolidouna como un símbolo da música popular galega. Ao longo da súa historia, actuou en Europa e América, conta con máis de vinte premios internacionais e, desde os anos setenta, mantén unha escola de música que continúa formando novas xeracións.



Por este título de banda máis antiga de Galicia compite tamén A Lira de Ribadavia que, aínda que o primeiro documento oficial que

Ese florecemento continúa hoxe con novas iniciativas que buscan renovar e actualizar a tradición

acredita a súa existencia é do ano 1840, existen documentos previos de comezos de 1800 que deixan entrever a súa presenza. A súa historia, ao igual que o de outras moitas agrupacións, estivo atravesada por

tensións que remataron por dividir a agrupación ata a súa reunificación en 1894. Desde entón, acumulou unha decena de premios en certames nacionais e internacionais e segue sendo un pilar cultural na comarca, convertendo Ribadavia nun referente da cultura popular de bandas en toda Galicia. A seguinte en xurdir foi a Banda Municipal de Santiago de Compostela, creada en 1848 e profesionalizada en 1876, que marcou época cos seus concertos de paseo na Alameda e na Rúa do Vilar. Pola súa parte, a Banda Municipal de Celanova, fundada en 1853, tamén está considerada unha das máis antigas de Galicia e, ao longo da súa historia, consolidouse como unha institución clave na vida cul-

tural da vila, desenvolvendo unha importante labor educativa e fomentando a cultura e a música tradicional entre os máis pequenos.

A Banda Artística de Merza, fundada en 1828, está recoñecida como a máis antiga de Galicia

Tamén centenaria é a Banda de Música de Ortigueira, creada en 1860 por Florentino Castiñeiras, organista da Igrexa de Santa Marta. Tras anos de altos e baixos, a banda chegou a desaparecer en 1960 e non volveu

rexurdir ata 1992, baixo a batuta de Francisco Aliaga. Porén, a banda tal e como a coñecemos renaceu oficialmente en 2005, tras a unión da Banda Escola de Música de Ortigueira e a Banda Cultural. Hoxe é unha das máis recoñecidas do territorio e alcanzou, ao longo da súa historia, un gran prestixio internacional.

LUGO, TERRA DE BANDAS

Tamén durante o século XIX a provincia de Lugo representou un dos escenarios máis fértiles para este fenómeno cultural. Alí naceu en 1865 a Banda de Música de Chantada, fundada polos irmáns Fernández, coñecidos como Os Ferraías, autores da coñecida Muiñeira de Chantada. Desde entón, pese a algúns altibaxos nos anos 70, a formación logrou manter unha traxectoria de máis de século e medio, marcada pola súa capacidade de adaptación e por unha intensa labor educativa e comunitaria, que hoxe en día continúa. Pouco tempo despois, en 1869, xurdiu a Banda de Música de Sober, grazas á iniciativa de Casimiro Pérez López, coñecido como “O Chá”, que comezou a reunir varios músicos da zona. Tras atravesar etapas de crise, consolidouse definitivamente en 1975 coa creación da súa escola de música, que hoxe conta con máis dun centenar de alumnos. Un ano despois, en 1870, na parroquia de Farbán, naceu a Banda de Música de Sarria como unha agrupación de carácter lúdico para poñerlle música as festas da comar-



ca de Sarria e despois nas distintas casas do pobo. Na actualidade, segue a ser un motor cultural da vila, con máis de 60 integrantes e unha escola de música activa, que conta con arredor de 250 alumnos, entre os que destacan os pequenos, que poden cursar 'Estimulación musical temperá' a partir de 6 meses, unha iniciativa que tivo moi boa aceptación. Pero a meirande parte do alumnado da escola está formada por nenos e nenas de entre 6 meses e 10 anos, aínda que hai aulas de adultos, que acollen persoas de ata 70 anos. Ademais, a Banda de Música de Sarria conta cunha formación bastante clásica, con instrumentos de vento e percusión, como violonchelos, óboes, frautas, clarinetes, trombóns, trompetas, contrabaixo, piano, o baixo eléctrico e a batería.

NOVAS AGRUPACIÓNS

da naceu con apenas unha decena de alumnos e un único profesor, Armando Morales, que hoxe exerce como director. Moi pronto, grazas ao traballo dos seus membros, a agrupación consolidouse como motor cultural da comarca, apoiada tamén polo esforzo conxunto dos municipios participantes, polo compromiso do profesorado e polo respaldo constante da Asociación Músico Crisanto, presidida por Pablo Rábade.

Na actualidade conta con preto de 300 alumnos e 26 profesores, e deu lugar a formacións tan diversas como a Murajazz Big Band, a súa versión xuvenil, grupos de pandeireteiras, a Banda de Gaitas Sons da Chaira, un coro e a propia Banda Sons e Soños. O seu primeiro ensaio tivo lugar en xuño de 2011 e, apenas seis meses despois, xa ofrecía o seu concerto inaugural.



ción Galega de Bandas de Música Populares, incluíndo primeiros premios en 2019 e 2022, e mantén unha actividade constante en Galicia e Castela e León, participando en festivais de bandas e levando a súa música ás festas patronais do municipio e da súa contorna. Nos seus 17 anos de historia está xa ben consolidada como unha das máis relevantes do territorio e xogou un papel fundamental na recuperación da tradición deste municipio, que chegou a contar con ata oito bandas.

Do mesmo xeito, a Banda da Escola de Música Municipal de Vilaboa, nacida en 2015, consolidouse nos seus dez anos de historia como unha das formacións xuvenís máis activas de Galicia. A banda foi creada para dar continuidade á formación de alumnos de vento, percusión e corda, pero pronto pasou a ser un referente cultural do municipio, participando en distintos eventos e festivais, e logrando o segundo premio no XIII Certame Galego de Bandas de Música na categoría infantil.

Na mesma liña renovadora destaca a Banda de Música da Comarca de Sarria, nacida no verán de 2023 e que, do mesmo xeito que Sons e Soños, ten vocación intermunicipal. O proxecto reúne, baixo unha única dirección a músicos de Láncara, O Incio, Paradela, O Páramo, Samos, Sarria e Triacastela. O proxecto, que naceu coa clara vocación de enriquecer a vida cultural da zona e manter viva a tradición, non tardou en consolidarse. O seu primeiro concerto coincidiu coa festividade de Santa Icí, en novembro de 2023 e, apenas un ano despois do seu nacemento, en xullo de 2024, impulsou o Festival de Bandas da Comarca de Sarria, converténdose nun espazo de colaboración interxeracional e de intercambio cultural. A súa creación é a demostración que, aínda hoxe, as bandas de música xogan un papel fundamental na vida comunitaria, especialmente nos núcleos rurais, animando festas e verbenas e mantendo viva a tradición musical popular por todo o territorio, especialmente nos núcleos rurais.

Se o século XIX foi o punto de partida, o XX supuxo a auténtica explosión do movemento, especialmente nas súas últimas décadas. Naqueles anos, tras superar unha época escura e de estancamento do movemento durante a Guerra Civil, naceron un gran número de agrupacións municipais e comarcais, como a Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo ou as de Ordes, Brión, Bueu, Teo, Cambre e Cedeira, consolidando as bandas como unha parte imprescindible da vida comunitaria, especialmente no rural.

Ese florecemento continúa hoxe con novas iniciativas que buscan renovar e actualizar a tradición. Un exemplo é a Escola e Banda Municipal de Música Sons e Soños, un proxecto que une aos municipios de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol, xurdido en 2007. A ban-

Desde entón mantén unha actividade constante e nos últimos anos actuou en escenarios como o Lugo Music Festival, en Tenerife ou na emblemática Praza das Praterías de Santiago.

Neste panorama recente destaca tamén a Banda Filharmónica de Lugo, creada en 2013 polo director Iván Martínez Sabio xunto a músicos vencellados á Sociedade Filharmónica e ao Conservatorio Xoán Montes. Desde os seus inicios, a banda organizou cursos de dirección e gravou un disco que a consolidou no ámbito rexional.

Outro dos exemplos máis recentes do rexurdir da música tradicional é a Banda de Música Santádegade de Coles, fundada en 2008 polo pianista Luis Humberto Cao. Con máis de sesenta músicos, obtivo recoñecementos en certames da Federa-



COMARCA

Esixen medidas que eviten outra vaga de lumes



Tras as máis de 30 concentracións celebradas por todo o país o pasado 21 de agosto contra a política forestal do Goberno galego a plataforma 'Por un monte galego con futuro' vén de anunciar a convocatoria dunha nova protesta, nesta ocasión para esixir a aplicación de medidas que eviten outra vaga de lumes e para reclamar un plan de choque con axudas urxentes para as persoas e as zonas afectadas polos incendios. Esta nova iniciativa da plataforma

-integrada por máis de medio cento de asociacións, colectivos e organizacións e que naceu en 2018 para promover varias ILP de protección do bosque autóctono e de racionalización da xestión do monte e para amosar a súa oposición ao último Plan Forestal aprobado pola Xunta- consiste nunha manifestación nacional que terá lugar en Santiago o vindeiro domingo 14 de setembro, con saída dende a Alameda ás 12:00 horas.

Dan axudas para facer auditorías e obras nas redes de auga

Augas de Galicia concedeu 361.300 euros a 15 concellos lucenses para mellorar as redes de saneamento municipais, a través de dúas liñas de axudas que se convocaron este ano para ese fin. Un dos programas vai destinado a executar actuacións para reducir as infiltracións nos sistemas de saneamento; e o outro apoia a realización de auditorías para diagnosticar este tipo de problemas. No caso das obras de mellora nas instalacións, as entidades locais beneficiarias son Barreiros, Begonte, Xermade, Guitiriz e Rábade,

que suman achegas por valor de 220.000 euros. Pola súa banda, a Xunta colabora coa realización de auditorías para detectar posibles problemas no funcionamento das redes en Friol, Guntín, Castroverde, Monterroso, Abadín, Paradelas, Triacastela, O Saviñao, Chantada e Burela. O importe total ascende a 141.300 euros. Aínda que o saneamento e o abastecemento dos concellos son competencias municipais, a Xunta leva anos prestando apoio ás entidades locais para que poidan garantir a correcta prestación dos servizos.

Gandeiros envían forraxe a granxas danadas polos incendios

A solidariedade entre gandeiros está a volver a ser protagonista ante a vaga de incendios forestais que están a afectar especialmente á provincia de Ourense. Ao igual que xa fixera no ano 2017 tralos lumes nos Ancares, a asociación de gandeiras e gandeiros Agromuralla está a levar forraxe ás zonas afectadas para alimentar o gando das explotacións que perderon os pastos. Este mesmo martes pola tarde foron entregados 4 camiós de rolos de herba seca, 2 en Guimarei (Monterrei) e outros dous en Santigoso (A Mezquita), que se suman aos 2 levados o pasado sábado a San Xulián de Valdeorras (A Rúa).

Os destinatarios son gandeiros de vacún, ovino e caprino destas zonas que non teñen que dar de comer aos animais, pois o lume das últimas semanas arrasou os pastos de montaña nos que tiñan o gando nos meses do verán e nalgún caso mesmo queimou as instalacións nas que tiñan almacenada a forraxe para o inverno. Diante desta situación de emerxencia, Agromuralla iniciou unha campaña de recollida de forraxe entre os seus socios e outros gandeiros e a resposta está a ser moi boa. "Recibimos chamadas mesmo de explotacións de Asturias e da provincia da Coruña", explican desde Agromuralla. Os rolos doados por gandeiros de distintos puntos da provincia de Lugo (Guitiriz, Foz, Cospeito, Vilalba, Palas de Rei, A Pastoriza, Lugo, Guntín, Sarria, Láncara, Monforte entre outros) e A Coruña (Trazo e Tordoia entre outros) están a ser transportados de maneira altruísta por distintas empresas de transporte até as zonas afectadas. O envío de forraxe continuará nos



vindeiros días e será mantido no tempo, nas vindeiras semanas e meses, para permitir a alimentación do gando no inverno. "Seguiremos levando silo e herba seca de maneira escalonada, adaptándonos un pouco ás distintas situacións, necesidades e casuísticas, porque nalgúns casos non teñen onde gardar a forraxe, xa que lles arderon tamén as instalacións onde a gardaban", explican desde Agromuralla. O próximo envío terá lugar a finais desta semana e consistirán en 2 camiós de rolos e outros 2 de herba seca.

REPARAR PECHES. Ao mesmo tempo, Agromuralla recolle donativos cos que axudar ás granxas afectadas polos lumes a repoñer os peches ardidos ou reparar as palleiras e outras instalacións calcinadas polo lume. As colaboracións económicas están a chegar mesmo desde fóra de Galicia, de lugares como por exemplo Tenerife. Nun exercicio de transparencia absoluta, Agromuralla irá colgando nas súas redes sociais (facebook e instagram) imaxes e vídeos de cada camión de forraxe entregue e de cada actuación de reparación financiada nas explo-

tacións afectadas, polo que invita a todas as persoas que desexen ver para que se destinan as achegas recollidas a seguir a Agromuralla nas súas redes sociais. Todas aquelas persoas que desexen colaborar, tanto con forraxe como con donativos, poden poñerse en contacto con Agromuralla a través do número de teléfono 982042460 e do email agromuralla@gmail.com. Desde Agromuralla explican que o seu obxectivo con esta campaña de solidariedade é "manter a actividade agrogandeira nestas zonas que se viron afectadas polo lume". "Non nos podemos permitir o luxo de perder máis gandeiros nestas zonas de montaña, porque senón os efectos dos incendios serán moito peores, xa que o gando e as zonas de pasto son a principal barreira contra o lume e a mellor maneira de facer prevención", aseguran desde a asociación. Por iso, desde Agromuralla critica con dureza "o discurso dos falsos ecoloxistas que tratan estes días de culpabilizar aos agricultores e gandeiros dos incendios, cando son os principais damnificados".

eu merco en Sarria, e ti?

POR CADA COMPRA DE 40€ OU MÁIS NO COMERCIO LOCAL CCU-ACES CONSEGUE O TEU PARAUGAS E MOITOS MÁIS PREMIOS PERFECTOS PARA PRESUMIR DE SARRIA E DE COMERCIO LOCAL

[PROMOCIÓN VÁLIDA ENTRE O 09/09 E O 30/09 OU ATA FINALIZAR EXISTENCIAS. 2 MODELOS DE PARAUGAS A ELIXIR. MÁXIMO 2 REGALOS POR PERSOA. CONSULTA OS COMERCIOS PARTICIPANTES E AS CONDICIÓNES NO CÓDIGO QR]

Xa se poden solicitar as axudas da Deputación á gandería extensiva

A área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo publica hoxe no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria de axudas á gandería extensiva O que non arde, que poderán solicitarse do 2 ao 29 de setembro. O programa, que conta cun orzamento de 385.000 euros -o triplo que na última edición-, dirixense a ganderías de gando cabalar, ovino, cabrún e porcino, que poderán solicitar axudas para financiar investimentos e gastos relacionados co manexo e a alimentación do gando en extensivo. Concretamente, contéplase a subvención da compra de pastores eléctricos e accesorios para o seu funcionamento como baterías ou placas fotovoltaicas, a compra e o mantemento de valados móbiles de malla electrificada, de valados fixos electrificados, de colares intelixentes para a monitorización da actividade animal, de refuxios, de pasos canadenses e doutros elementos para silvopastoreo como cepos, curros, mangas, comederos e bebederos ou pasos canadenses. Ademais, as ganderías poderán financiar gastos complementarios como rozas puntuais para a instalación de sistemas de protección ou a subscrición a aplicacións de monitorización intelixente.

As axudas, en réxime de concorrencia competitiva, poderán chegar a un máximo de 6.000 euros ou 12.000, no caso de solicitudes que inclúan pasos canadenses ou colares intelixentes. Na valoración das solicitudes aplicaranse os criterios establecidos nas bases, que priman o silvopastoreo con animais de razas autóctonas, a condición de explotación prioritaria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REGA), a situación dalgunha das parcelas nas que se desenvolve a actividade en zona de



montaña, a pertenza a asociacións de produtores gandeiros ou a titularidade feminina das ganderías, entre outros criterios

O deputado de Rural Daniel García explicou que “seguimos reforzando un programa que se puxo en marcha en 2020 para contribuír ao aproveitamento e á xestión integral do monte e que se consolidou nestes anos como un instrumento de apoio á gandería extensiva, un modelo produtivo que fixa poboación no territorio, que conserva o medio natural e que, como se demostrou unha vez máis na trágica vaga de incendios deste verán, actúa como barreira eficaz contra os lumes”

O responsable provincial detallou que “o programa foi incorporando medidas demandadas por ganderías e por colectivos e profesionais que traballan no rural, tratando de proporcionar un apoio efectivo e real a quen están día a día no territorio”. Nesa liña, explicou que “a ampliación de orzamento permite abrir a convocatoria ás ganderías de cabalar, animais moi eficaces na redución de biomasa, e colaborar no financiamento de elementos custosos como os colares intelixentes, que utilizan a tecnoloxía para facilitar o control do

gando no monte”

As bases da convocatoria e os modelos de solicitude están dispoñibles na web da Deputación de Lugo, no apartado de Subvencións Concorrencia Competitiva en Medio Rural.

PROGRAMA PIONEIRO. A área de Rural puxo en marcha o programa O que non arde en 2020, cunha primeira edición centrada na xestión do monte, na que se financiou a roza e limpeza das faixas laterais da rede viaria municipal, así como para o mantemento da rede de faixas de xestión de biomasa coa plantación de especies arbóreas autóctonas. En 2021, a convocatoria orientouse ao fomento do pastoreo preventivo por parte das comunidades de montes veciñais en man común, implicando a comeneiros e comeneiras no mantemento e limpeza das faixas de protección contra os lumes. Nas tres últimas edicións, 2022, 2023 e 2024, as axudas orientáronse a gandería de cabrún, ovino e porcino, apoiando o desenvolvemento desta actividade con financiamento para investimentos necesarios para o manexo do gando en extensivo. Concedéronse 80 axudas a ganderías das distintas comarcas.

Sortean bonos para facilitar a volta ao cole



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas López, presentaron unha iniciativa mediante a que sortearán un total de 90 bonos, por valor de 250 euros, para facilitarlle ás familias a volta ao cole. A institución provincial investirá 50.000 euros nesta proposta que incentivará a compra nos pequenos negocios da provincia e aliviará a economía doméstica “nun dos momentos máis delicados do ano”.

As persoas interesadas en participar nesta campaña da Deputación e da Federación de Galega de Comercio para a volta ao cole deberán comprar no comercio local da provincia entre o luns 1 e o martes 30 de setembro.

O xoves 2 de outubro terá lugar o sorteo dos bonos nos que se repartirán un total de 22.500 euros en tarxetas regalo, que serán empregadas para volver a mercar nos pequenos establecementos de Lugo ata o 31 de decembro.

Realizarase de forma presencial un sorteo adicional dunha tarxeta prepago de 2.500 euros que o gañador deberá empregar nunha

única xornada de compras e nunha soa localidade de Lugo. Poderán participar todos os consumidores que asistan ao acto de entrega de premios da campaña, o 16 de outubro ás 19:00 horas no Salón de Actos da Deputación, aportando un ticket ou factura nun comercio físico dalgún dos 67 concellos da provincia entre o 1 de setembro e o 16 de outubro.

O mandatario provincial destacou ademais que o pequeno comercio “é un motor imprescindible de cohesión social, especialmente nos concellos rurais. Alí, os comercios son moito máis que un punto de compra: son un servizo básico, espazos fundamentais de convivencia, que fomentan a economía circular e son quen de fixar poboación”. No que ten que ver coas familias, Tomé Roca sinalou que a volta ao cole “é un dos momentos máis delicados do ano para a economía familiar. En poucos días, acumúlanse gastos que non se poden pospoñer e que supoñen un esforzo enorme, sobre todo cando hai varios fillos en idade escolar. Estamos a falar de varios centos de euros, que varían segundo o centro e o tipo de ensinanza”.

Oferta de emprego

Creando. Futuro. Juntos.

¿Qué buscamos?
Buscamos mediadores que tengan aspiración y proyección de futuro, ganas de progresar y capacidad para poner en marcha nuevos proyectos.

Funciones:

- Búsqueda, captación y fidelización de clientes.
- Asesoramiento personalizado a clientes.

Requisitos:

- Titulación oficial mínima requerida: estar en posesión del título graduado en Educación Secundaria (ESO) o equivalente.

¿Qué ofrecemos?
Incorporación a nuestro Plan de Agentes Exclusivos con las siguientes ventajas:

- Formación especializada, para seguir creciendo como profesional del sector asegurador.
- Atención constante al mediador por parte de nuestras sucursales.
- Ambicioso desarrollo profesional y personal.
- Contrato mercantil.

Contacta con nosotros
Jesús Ángel Martínez Quelle, gestor de negocio Galicia Este
Rúa do Concello, 3 Entlo., 32003, Ourense
T 955 904 488, M 680 705 802
jesus-angel.martinez@helvetia.es

simple. claro. helvetia
Tu aseguradora suiza

SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

DEPUTACIÓN

Investimento nun programa de formación de mulleres con AELU

O presidente da Deputación da Lugo, José Tomé Roca, vén de asinar na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos un convenio de colaboración coa presidenta de AELU -Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo-, Anjhara Gómez Rodríguez, mediante o cal a institución provincial realiza unha achega económica de 40.000€ para apoiar o programa Galatea. Trátase dun proxecto de asesoramento que busca ofrecer a mulleres empresarias e emprendedoras da provincia obradoiros de capacitación nos que poidan adquirir novos coñecementos e habilidades relacionadas co seu desenvolvemento e capacitación profesional. José Tomé Roca recordou que a institución provincial mantén unha estreita colaboración con esta entidade sen ánimo de lucro que leva “case corenta anos traballando na defensa e na promoción dos valores sociais e profesionais da muller empresaria. Por iso, colaboramos non só co programa Galatea, senón tamén con outras moitas iniciativas



coas que apoiamos conxuntamente o tecido produtivo da provincia e impulsamos o emprendemento feminino”. Co proxecto Galatea, que se realizará de setembro a decembro, levaranse a cabo actividades de asesoramento e formacións específicas que poderán ser individuais ou en grupos reducidos. As participantes poderán informarse sobre cuestións relacionadas coa marca persoal e a comunicación dixital; a planificación

financeira; a conciliación e a xestión do tempo; ou en aspectos xurídicos e fiscais, así como noutros temas do seu interese. Ademais, esta iniciativa tamén inclúe formacións sobre competencias dixitais para a comunicación empresarial, obradoiros de coaching para contextos empresariais e emprendedores, talleres de xestión do estrés e do equilibrio entre o persoal e o profesional, actividades de benestar ou obradoiros de creatividade.

Achega de 4.000 euros para programas de asesoramento da CEL

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López Vázquez, veñen de asinar no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración que contempla unha achega económica de 40.000 euros á entidade. Esta contía servirá para financiar o programa de asesoramento ás pequenas e medianas empresas da provincia Asesora CEL. Concretamente e con cargo a este investimento, a CEL poderá contratar a 4 persoas para a realización deste programa e tamén poderá sufragar parte dos gastos xerais de funcionamento da entidade. “Lugo ten unha das porcentaxes máis altas de España de pequenos negocios no seu tecido empresarial; o 99,97% das nosas empresas son PEMES –só por detrás de Ávi-

la, que ten un 99,98%-, polo que é especialmente importante ofrecer este tipo de apoio”, valorou Tomé Roca. Explicou que este tipo de negocios ten dificultades engadidas para acceder á información e servizos de asesoramento en material xurídica e laboral. Este servizo pretende axudar aos empresarios e empresarias da provincia en cuestións de contratacións, retribucións, salarios, horarios, obrigas de seguridade e saúde, conciliación e igualdade. Tamén poderá poñer ao día sobre normativa medioambiental ou sustentabilidade. Unha nova colaboración vén a reforzar a estreita relación que a Deputación mantén coa Confederación de Empresarios de Lugo na organización e desenvolvemento de diferentes iniciativas, para seguir favorecendo e impulsando o crecemento económico da provincia.

A Deputación colabora con Afalu e Auxilia para iniciar novos programas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, vén de asinar un convenio de colaboración coa presidenta da Asociación de

Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Lugo (Afalu), Carmen Pena Ledo, polo que a institución provincial

destina 12.000€ para desenvolver o programa Estimulación Cognitiva de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias. Este programa permitirá levar a cabo terapias non farmacolóxicas, atención psicolóxica e formación a coidadores a zonas rurais da provincia, onde o acceso a este tipo de recursos é limitado, pese a que Lugo presenta unha das taxas de envellecemento máis elevada de Galicia, cun 27,6% da poboación maior de 65 anos. O mandatario provincial destacou que, con este programa, a institución “contribúe a que persoas diagnosticadas con alzhéimer ou outras demencias poidan recibir atención especializada no seu propio concello, sen ter que desprazarse a Lugo capital ou a outros centros urbanos”. A iniciativa que desenvolverá Afalu inclúe terapias de orientación á realidade, psicomotricidade, musicoterapia, ludoterapia, laborterapia ou reeducación da memoria, linguaxe e atención. Ademais, prestarase apoio ás familias, ofrecendo información, asesoramento sobre recursos dispoñibles, atención psicolóxica e cursos de formación para coidadores, co obxectivo de mellorar tamén a súa calidade de vida.



AUXILIA. Tamén asinou un convenio de colaboración coa presidenta de Auxilia Lugo, Nuria Neira Vila, polo que a institución provincial achega 5.000 euros a esta entidade social para desenvolver o programa Promoción da autonomía persoal no domicilio rural. Trátase dunha iniciativa que busca mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade física que residen en concellos rurais da provincia. José Tomé puxo en valor o labor que desenvolve Auxilia Lugo desde hai máis de 50 anos e subliñou que este programa “axuda a que as persoas con discapacidade poidan levar unha vida máis autónoma e digna nos seus fogares, sen verse obrigadas a abandonar o seu entorno familiar e social”.



No marco deste convenio, Auxilia Lugo levará a cabo accións enfocadas a fomentar a vida autónoma no fogar, o acceso á información e recursos, así como a participación activa na comunidade das persoas con discapacidade. O programa contempla visitas domiciliarias de asesoramento, acompañamento profesional, formación en novas tecnoloxías e actividades que favorezan a autoestima, a seguridade e o benestar persoal. A entidade avalía as necesidades concretas dos usuarios no seu propio fogar, ofrece información sobre recursos, produtos de apoio e posibles adaptacións no domicilio, contribuíndo así a eliminar barreiras arquitectónicas e a retardar, na medida do posible, o ingreso nun centro residencial.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camino Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

A ANPA do CEIP do Páramo lanza unha campaña de sinaturas

A ANPA do CEIP do Páramo vén de iniciar unha campaña de recollida de sinaturas a través da plataforma Change.org para que se apliquen xa este curso escolar as ratios reducidas nos colexios dos concellos de menos de 3.000 habitantes.

O colectivo lembra que antes das eleccións asinou un acordo cos sindicatos para que as novas ratios entraran en vigor de inmediato nos pequenos concellos, mais agora, sen aviso, a Xunta introduciu reformas que pospoñen a medida ata 2027/28, cando xa será outro ano electoral. Segundo denuncian desde a ANPA, esta situación deixa aos centros rurais nunha posición complicada, obrigando a agrupamentos "absurdos" e a recortes de profesorado. O próximo curso, no CEIP do Páramo, onde estarán matriculados 44 nenos, haberá 18 alumnos xuntos en 1º, 2º e 3º de Primaria e outros 18 en 4º, 5º e 6º, cada grupo cun só profesor, mentres que o ano pasado contaban con dous docentes por cada clase mesturada.

Este reparto evidencia, segundo as familias, a falta de compromiso real coa educación rural. "Non estamos a pedir nada extraordinario, só que se cumpra o que xa se aprobou e anunciou, e que máis tarde se decidiu adiar sen ningunha explicación", subliñan. Engaden que as normas non poden ser iguais para realidades distintas: "O rural non é unha cidade. Aquí non hai outras escolas á volta da esquina. Se se deterioran os nosos centros, as familias marcharán, e ese será o final do rural que



tanto din defender".

O problema, destacan, está no texto da lei, que establece que neste curso só se aplican as ratios máximas de 14 alumnos por aula en 1º e 2º, mais se se engade 3º, poden ser 18 nenos.

"É unha contradición que non ten sentido. Temos nenos moi distintos xuntos e a solución que propón a Xunta non resolve nada", aseguran desde a ANPA, que valora solicitar a Inspección de Educación dous profesores adicionais, aínda que recoñecen que "co DOGA na man non van poder facer nada".

A ANPA do CEIP do Páramo fai un chamamento á mobilización: "Queremos que eliminen ese parágrafo da lei e que se apliquen de inmediato as ratios nos centros do rural. Son nenos, non números. O rural non pode agardar".

Tamén buscan contactar con outros colexios do rural que se atopen nunha situación similar para sumar apoios á petición.

As familias avisan de non corrixirse

esta situación, algúns pais poderían plantexarse retirar aos seus fillos do colexio, algo que cualifican como un atropelo e un risco para a supervivencia das escolas rurais.

A ANPA lembra que esta é unha decisión política e que só os responsables políticos poden reverter esta inxustiza. Todos os nenos, vivan onde vivan, merecen un ensino público de calidade", conclúen.

APOIO DO BNG. A deputada do BNG, Olalla Rodil, reuniuse con representantes das familias do alumnado do CEIP do Páramo e mos para mostrarlles o seu apoio. "É incomprensible que, en lugar de reforzar os recursos, se tomen decisións que prexudican gravemente ao alumnado", afirmou Olalla Rodil. A deputada nacionalista esixe á Xunta rectificar de inmediato, garantir os medios necesarios para unha organización pedagóxica axeitada, con ratios xustas e condicións que permitan un ensino de calidade.

O Concello impulsa iniciativas para a infancia e a mocidade



Co obxectivo de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, o Concello do Páramo continuará no curso 2025/2026 co programa Madrugadores do Páramo, un servizo gratuíto destinado ás familias que teñen discrepancias entre os horarios de traballo e a entrada ao CEIP Plurilingüe do Páramo ou aos autobuses escolares.

Este servizo púxose en marcha no curso 2023/2024 e funciona de luns a venres durante todo o período escolar. Poderán inscribirse aqueles alumnos e alumnas que precisen utilizar o servizo de maneira habitual ou tamén por días soltos, sempre que se comunique previamente para organizar a alta.

As persoas interesadas deberán facer a inscrición canto antes presentando a solicitude no rexistro do Concello. Para máis información, o Concello pon á disposición das familias o teléfono 982 539 156.

TALLER DE EMOCIÓN. No seu compromiso coa infancia e a mocidade, desde o Goberno local organizaron un taller de emocións, unha proposta lúdica e educativa que buscaba fomentar o autocoñecemento e a empatía.

O obradoiro celebrouse o 26 de agosto, en horario de 10:30 a 12:30 horas, e estivo destinado a nenas e nenos de 3 a 17 anos. A actividade centrouse na identificación das emocións propias e alleas, combinando o traballo en equipo coa reflexión individual. O programa incluíu un conto interactivo titulado Detectives das emocións, un xogo de roles para adiviñar sentimentos a través da escenificación, e a creación dun anuncio visual.

Este taller contou coa colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, así como coa asociación Afammer Lugo e o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

o que non arde

PROGRAMA PARA A PREVENCIÓN DE LUMES
CON PASTOREO DE GANDERÍA EXTENSIVA

Prazo de solicitude: do 2 ao 29 de setembro



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Rural

VICEPRESIDENCIA



Val de Láncara propón actividades no novo curso



A Asociación Cultural Val de Láncara, en colaboración co Concello, organiza un curso de mecanografía e ofimática dirixido a nenos e nenas a partir de 4º de Primaria.

As clases impartiranse durante o curso escolar todos os martes, en horario de 18:30 a 19:30 horas, na antiga escola de Láncara. O programa inclúe aprendizaxe de habilidades de mecanografía, uso de programas básicos de ofimática como Word e Excel, e formación en deseño coa ferramenta Canva.

O custo da actividade é de 35 euros mensuais por participante.

As persoas interesadas poden obter máis información ou inscribirse chamando ao teléfono 691 175 650.

A iniciativa busca mellorar as competencias dixitais do alumnado máis novo, favorecendo o seu manexo das ferramentas informáticas máis empregadas no ámbito escolar e profesional.

CURSO DE MANEXO DA HORTA.

A antiga escola de Láncara acollerá os días 20, 21 e 27 de setembro un curso gratuito titulado 'Orientacións agroecolóxicas para o manexo da horta', dirixido a persoas traballadoras, autónomas e desempregadas.

A formación será impartida por Andrés Castro e desenvolverase en horario de 10:00 a 14:00 horas. O obxectivo é ofrecer ferramentas prácticas e teóricas para unha xestión sostible e respectuosa co medio ambiente das hortas familiares e profesionais.

As inscricións poden realizarse a través dos teléfonos 604 027 886 e 982 231 154, ou no correo electrónico lugo@sindicatolabrego.gal. O curso está organizado polo Sindicato Labrego Galego, COAG e Formación Agroalimentaria, e conta cunha financiación ao 100% por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno de España e conta coa colaboración da Asociación Val de Láncara.

O obradoiro dual de emprego Os Soutos foi clausurado en Láncara

O Concello de Láncara acolleu a clausura do obradoiro dual de emprego Os Soutos, unha actividade financiada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración con 412.000 euros e promovida polos concellos de Láncara, Samos e Paradela.

O taller desenvolveuse durante nove meses e contou con unha vintena de prazas en dúas especialidades formativas: xardinería e conservación e mellora de montes. A formación teórica completouse con tarefas prácticas que melloraron distintos espazos dos tres municipios. En Láncara realizaron labores de acondicionamento na área fluvial e na zona da estación; en Paradela traballouse no paseo do Malecón e na ruta do Loio; mentres que en Samos actuouse nas contornas da piscina municipal, o campo da festa e a Horta da Botica, ademais de mellorar xardi-



neiras en varios puntos do casco urbano.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, destacou que estes obradoiros “céntranse en sectores nos que existe demanda de profesionais cualificados”, e animou ás persoas alumnas-traballadoras que recolleron os seus

diplomas “a aproveitar esta oportunidade para abrirse camiño no mundo laboral”.

Arias subliñou que os programas de formación para o emprego da Xunta “están orientados a cubrir as demandas reais das empresas”, o que contribúe a aumentar as taxas de inserción laboral.

O PSdeG reclama un modelo público e profesionalizado contra os incendios

O PSdeG reclamou en Láncara un cambio urxente e profundo no modelo de loita contra os incendios forestais, insistindo en que Galicia precisa dun servizo único, estable e profesionalizado de prevención e extinción dependente da Xunta, que poña fin á precariedade, á improvisación e ao abandono que sofren os concellos.

O alcalde en funcións de Láncara, Pablo Rivera, denunciou que no seu concello a brigada municipal tivo que renunciar por falta de recursos e que a carro-ceta só estivo dispoñible un día durante toda a vaga de lumes,



“proba evidente de que o sistema actual non funciona nin está dimensionado para as necesida-

des reais”. Rivera advertiu que os concellos non poden seguir asumindo competencias que lle corresponden á Xunta e que non se pode legislar dende Santiago para logo deixar sen medios ás administracións locais.

Tanto Rivera como as deputadas coincidiron en reclamar un corpo público propio, estable e profesional, con formación adecuada e medios suficientes durante todo o ano.

Ao remate, enviaron palabras de ánimo aos brigadistas e traballadores forestais feridos, desexándolles unha pronta recuperación e recoñecendo o seu esforzo diario na loita contra o lume.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

Vazquez Autos

Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

Conmemoran o 99º aniversario do nacemento de Fidel Castro

Láncara acolleu a conmemoración do 99º aniversario do nacemento de Fidel Castro cun acto cargado de simbolismo na Casa Museo Ángel Castro, Centro de Interpretación da Emigración, un espazo que lembra a forte conexión histórica entre Galicia e Cuba. Durante a xornada, realizouse unha plantación simbólica de árbores para honrar tamén a memoria de Ángel Castro Argiz, pai do líder cubano, coincidindo co aniversario do seu nacemento.

Ao evento asistiron membros da corporación municipal, o embaixador da República de Cuba, Marcelino Medina, o vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, o deputado de Medio Ambiente, Carlos López, a cónsul xeral da República de Cuba en Santiago de Compostela para Galicia, Asturias e Cantabria, Ingrid Izquierdo, representantes da Embaixada cubana en España, do



Consulado en Santiago de Compostela e o tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroxo. Este último subliñou a relevancia dos lazos que unen as poboacións galega e cubana a través da emigración, “unha realidade á que como institución temos que atender polo seu importante peso na nosa historia”, engadindo que “é unha honra recibir á delegación da Repú-

blica de Cuba e traballar en reforzar os vínculos entre os nosos pobos”. Ademais, durante o acto, o presidente da Asociación de Amistad Láncara-Cuba, Antonio Sobrado, avanzou que o vindeiro 13 de agosto de 2026 Láncara acollerá a celebración do centenario do nacemento de Fidel Castro, sendo así un referente a nivel nacional e internacional.

Homenaxeouse a Carlos López Sierra no miradoiro

O Concello de Láncara organizou o venres 5 de setembro dúas actividades que reuniron a veciños e visitantes. Primeiro, celebrouse a tradicional Festa da Troita 2025, na que participaron diversos establecementos hostaleiros do municipio.

Tamén tivo lugar un emotivo acto de homenaxe en memoria de Don Carlos López Sierra, que se desenvolveu no miradoiro da Pedreira a partir das 19:00 horas, converténdose nun espazo de lembranza e gratitude cara á súa figura.

Carlos López Sierra faleceu en febreiro de 2025 aos 83 anos, sendo recoñecido como «alma mater» da Asociación Val-Láncara. Destacouse o seu compromiso como nacionalista, promotor da cultura local e verdadeiro motor da relación de amizade entre Láncara e Cuba.

Ademais, a súa memoria estivo presente noutras ocasións: por exemplo, foi lembrado como figura clave no reforzo dos vínculos culturais e históricos coa emigración cubana.

Láncara celebrou as súas festas na honra da Virxe do Carme

O Concello de Láncara celebrou as festas na honra da Virxe do Carme. A programación arrancou o venres coa Festa da Troita, que incluíu unha actuación do grupo Caivanca. Ademais, houbo pancetada e verbena co grupo La Fábula e DJ Min.

O sábado continuou a festa con nova sesión musical, mentres que o domingo tivo lugar a misa solemne e a procesión, seguida da sesión vermú coa orquestra Sinfonía. Pola tarde e noite, a verbena estivo amenizada polas orquestras Sinfonía e Principal.

O luns volveu celebrarse a misa so-



lemne e houbo procesión ás 13:00 horas, cunha sesión vermú a cargo da orquestra Punto Clave, que tamén ofreceu música para a verbena da noite, coa que se puxo o broche final ás celebracións.

mén ofreceu música para a verbena da noite, coa que se puxo o broche final ás celebracións.

O PP critica o estado das estradas da zona da montaña

O Partido Popular de Láncara denunciou o estado no que se atopan varias estradas municipais da zona da montaña.

A portavoz, Olga Capón, advertiu de que a deterioración é “insostenible” en vías como a que une Saa co Busto, na parroquia de Cedrón, ou o acceso a Casa Paulo, en Armea de Arriba, onde “os vehículos chegan a golpear cos baixos” e onde “no inverno as condicións empeoran, afectando tamén aos camiións que deben chegar ás explotacións gandeiras da zona”.

Capón sinalou que este ano se executaron melloras nalgúns tramos que, ao seu ver, “levaban anos precisando intervención” e que, ademais, “se limitaron a simples parches”. No caso do acceso a Casa Paulo, asegura que “non hai constancia de que

o goberno local teña previsto actuar”, mentres que para a estrada entre Saa e o Busto “o equipo de goberno solicitou unha axuda á Xunta nunha liña pensada para dotación de parques infantís, en vez de optar por subvencións específicas, como o Plan Marco, destinadas á mellora de vías rurais”.

Tanto Capón como o portavoz do PP na Deputación, Antonio Ameijide, recalcan que o goberno local “debería coñecer as convocatorias de axudas doutras administracións” e lembran que Pablo Rivera, como deputado provincial, “coñece perfectamente as bases do Plan Deputación, o único mecanismo que reparte de forma obxectiva os fondos da institución a todos os concellos e que inclúe financiamento para mellorar vías municipais”.

INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

20 ANOS

Concello de Paradelas

o incio

O proxecto ‘Na Casa Delas’ presentouse cun concerto e homenaxe ás poetas galegas



O Concello do Incio, en colaboración coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e coa Vicepresidencia da Deputación de Lugo, presentou na igrexa de San Pedro Fiz de Hospital o proxecto Na Casa Delas, unha iniciativa cultural que serviu como elo de unión entre a literatura e a música, co obxectivo de poñer en valor a creación poética das mulleres galegas. O acto celebrouse cunha gran acoillida de público e cun programa no que se mesturaron a interpretación musical e a palabra poética. Este proxecto xurdiu como continuación de Na Casa Deles, unha proposta anterior de carácter literario e musical que consistía na gravación de recitais e actuacións en espazos significativos ligados a escritores da provincia de Lugo xa falecidos. Deste xeito, buscábase crear unha ligazón simbólica entre

a memoria literaria, o territorio e a tradición oral e musical. Con Na Casa Delas, a iniciativa deu un paso máis, centrando a súa atención nas poetas galegas. O cuarteto vocal Son de Corda puxo música a textos de Marica Campo, Luz Pozo, Olalla Cociña, María Mariño, Xela Arias e Olga Novo, ofrecendo un repertorio que combinou a forza da poesía coa emoción das voces. Ademais, proxectouse un audiovisual que recolleu visitas ás casas das autoras, o que permitiu achegar ao público unha visión máis íntima das súas vidas e do legado que deixaron. O alcalde do Incio, Héctor Corujo, expresou o seu agradecemento á diocese de Lugo pola súa colaboración para facer posible a actividade, subliñando o valor de iniciativas que manteñen viva a memoria literaria e contribúen a reforzar a identidade cultural do municipio.

Organizan unha recollida gratuíta de voluminosos o día 23

O Concello de Paradela puxo en marcha un servizo gratuíta de recollida de obxectos voluminosos co obxectivo de facilitar á veciñanza o desfacerse daqueles elementos que non son residuos domésticos e que, polo tanto, non poden depositarse nos colectores nin seren recollidos polo camiión do lixo habitual. A alcaldesa, Montserrat Mulet, informou de que os obxectos deberán ser depositados o martes 23 de setembro nas inmediacións do colector de uso habitual. Os materiais que se poden entregar son colchóns, neveiras, lavadoras, televisores e outros útiles de gran tamaño. As persoas interesadas deberán comunicalo ao Concello. Ademais, pídesse a colaboración cidadá para que o lixo doméstico se deposite sempre dentro de bolsas pechadas e para evitar que se deixin obxectos non autorizados como ferros, garrafas de plástico, baldosa, azulexos ou pezas de baño. O Concello lembra tamén que as botellas de cristal deben separarse e levarse ao contedor específico máis próximo.



PUNTO LIMPO MÓBIL. Durante o mes de setembro, o servizo estará en Santa Cristina o 9, 16 e 23; en Mosteiro Vello os martes 3, 10, 17 e 24; en A Laxe os mércores 4, 11, 18 e 25, e en Ferreiros o luns 30. En outubro, o punto limpo móbil instalarase en Ferreiros os días 1, 2, 3 e 4; en Aldosende o martes 8 e o mércores 9; e en Vilarguante os martes 22 e 29, así como os mércores 23 e 30. No mes de novembro, o servizo

chegará a Paredes Abaixo os días 4, 5, 6, 7 e 8; a Santalla o martes 12 e o mércores 13; a Andradade os martes 26 e os mércores 27. Ademais, o venres 22 terá lugar a recollida de voluminosos. Finalmente, en decembro, o punto limpo móbil visitará Feasita os días 2, 3, 4, 5 e 6; e As Cortes os martes 10 e 17, así como os mércores 11 e 18. O venres 13 tamén se realizará unha recollida de voluminosos.

Abre o prazo para Madrugadores e incorpora a conciliación de tardes

O Goberno local desde a área de Educación, abriu este 1 de setembro o prazo de inscrición para solicitar praza no Servizo de Madrugadores correspondente ao curso 2025/2026, dirixido ao alumnado de Educación Infantil e Primaria do CEIP Plurilingüe San Miguel de Paradela. Como novidade, este ano tamén se incorpora o Servizo de Conciliación de Tardes, pensado para nenas e nenos que realicen actividades extraescolares, ampliando así as opcións de conciliación familiar. O prazo de inscrición permanecerá



aberto durante todo o curso escolar ata completar as prazas ofertadas. As familias interesadas poden formalizar a solicitude nas dependen-

cias municipais en horario de 9:00 a 14:30 horas, ou facelo a través da páxina web oficial do Concello de Paradela.



Peluquería
Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579



CREADOS

- PSICOPEDAGOGIA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

INFANTIL PRIMARIA ESO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo 27600 Sarria (LUGO) 626 21 86 28

“Os nenos sacan o mellor de min e danme enerxía para seguir”

A ilustradora e escritora catalá, pero afincada en Paradela, Estefanía Padullés, vén de publicar un novo libro infantil: 'A egua de Breogán'

Jessica Fernández

Estefanía Padullés nace en 1978 en Vilada, un pequeno pobo ao norte da provincia de Barcelona, preto dos Pireneos, de onde procedían os seus avós paternos. Os seus avós maternos, en cambio, eran galegos, e durante a infancia pasaba parte do verán na súa aldea, da que gardou bos recordos polo contacto cos animais e a vida en plena natureza.

Estudou bioloxía en Barcelona e, tras licenciarse, trasladouse a Almería, onde desenvolveu diversas tarefas relacionadas coa súa profesión, traballando, por exemplo, nun Centro de Recuperación de Fauna Mariña, en clínicas veterinarias e na Reserva Zoolóxica do Deserto de Tabernas, onde aprendeu moito sobre educación ambiental coordinando o Departamento de Educación.

No 2012 decidiu, xunto á súa parella, mudar a Galicia e perseguir o seu soño: dedicarse á ilustración e á escritura. Desde entón reside nunha aldea de Paradela, onde restauraron unha casa antiga con horta e dedícase profesionalmente á creación e ilustración de libros infantís e xuvenís. Alí, inspirada polo o contacto coa natureza, a tranquilidade e a calidade humana, desenvolve o seu traballo.

Cando entrou neste mundo o primeiro que viu é “que estaba dividida a parte da ilustración e da escritura, polo que ao principio intentei ser máis unha ilustradora, porque eu amaba debuxar desde pequena, pero co tempo dinme de conta de que me gustaban moito as dúas cousas: debuxar a escribir, polo que comecei a combinar as dúas cousas, xa que para min son dúas caras da mesma moeda”.

Desta maneira, a artista comezou a publicar libros ilustrados para nenos e nenas, pero tamén levou a súa arte á rúa e aos espazos públicos, sendo a autora de murais que decoran o CEIP San Miguel de Paradela, como o da biblioteca, o do comedor ou o do patio, que enche de motivos naturais e humanos o colexio da vila. Pero tamén pintou un mural nun local de Santalla contra o feísmo, xa que como di Padullés, “está en expansión o fenómeno de pintar os muros para loitar contra o feísmo e paréceme importante participar deste movemento no rural, pintando motivos relacionados co espazo onde está localizado”, sostén.

Tanto nos seus textos como nas súas ilustracións, xa sexan debuxos ou murais, procura transmitir emocións que lle resultan inspiradoras, tal e como fixeron outros autores nas súas obras, deixando unha pegada que a acompaña e que sempre recorda a través dos personaxes. Pretende que as súas historias sexan divertidas e á vez emocionantes, que permitan ao lector desconectar da realidade durante un intre, pero tamén que sirvan de apoio na súa vida cotiá. As súas ilustracións queren ser tenras e cun toque *naif* (que se caracteriza por reflexar a realidade con deliberada inxenuidade, aparentemente

“Creo que o máis importante para que un autor logre transmitir a súa obra é que se emocione de verdade ao creala. E a min este mundo creativo apaixóname”

infantil, e con poesía e simplicidade), aínda que sempre mantén o rigor científico e documentase ao máximo para que tamén teñan valor educativo.

“Creo que o máis importante para que un autor logre transmitir a súa obra é que se emocione de verdade ao creala. E a min, este mundo creativo, tanto literario como plástico, apaixóname”, destaca.

A IMPORTANCIA DE PARADELA. Aínda que fixo murais noutros con-

cellos, como en Quiroga, Estefanía sostén que con Paradela ten unha conexión especial, “xa que me sentín acollida desde o primeiro momento; invítáronme a participar en actos do Concello, organizaron un acto para presentar varios dos meus libros, como o de ‘A pantofo do castelo’... Sinto moi aprecio desde o Concello e desde o colexio, no que se fan moitas cousas e é moi emocionante participar delas, algo que me axuda a medrar como autora. Por iso me gusta tanto facer cousas alí, é increíble poder facer cousas novas e desenvolverme neste aspecto profesional. Era o meu soño e fíxeno aquí en Paradela grazas ás oportunidades que me deron”.

Tendo en conta ese desenvolvemento como autora en Paradela, Estefanía considera que de cara ao futuro debe que seguir potenciando esa conexión cos nenos e coa educación. Por iso, tamén participa en feiras de libros e en clubs de lectura nos que poder amosar as súas ilustracións e as súas historias, onde ve “o *feedback* que me dan os nenos, xa que me gusta saber que opinan para seguir mellorando as miñas historias. Eses encontros sacan o mellor de min, xa que nese momento no que tes contacto cos nenos que se leron o libro e veñen co libro felices e ás veces ata che piden un abrazo... iso é brutal. Porque para eles ese libro é importante e especial na súa vida. Iso dámos aos autores enerxía para seguir escribindo e facer máis cousas. O meu proxecto de futuro é seguir ilustrando e escribindo libros para devolverlles aos nenos ese cariño que me dan, transmitindo uns valores. Tamén me gustaría escribir para adultos, e seguir co muralismo, pero sobre todo seguir o meu camiño da man dos máis pequenos que



son o futuro da sociedade”, subliña.

A SÚA ÚLTIMA OBRA. Estefanía Padullés presentou recentemente a súa última obra, ‘A egua de Breogán’, na que se expón a lenda de que foi o rei Breogán quen uniu ás tribos celtas e as asentou arredor da torre de Brigantia para fundar a nación galega. Este libro, porén, fala da súa egua, ese animal sagrado que transformou a Breogán en heroe, e que, aínda hoxe en día, ás veces se pode escoitar galopando entre os vellos bosques de Galicia.

Segundo explica, como ocorre con todos os seus libros, este non foi unha excepción e documentouse profundamente para tentar contar a historia de forma fiel e historicamente rigorosa, aínda que “sempre introduzo algo de fantasía”. Na historia ten tamén un papel destacado a natureza, xa que ‘A egua de Breogán’

supón a exaltación dese “vínculo coa natureza dos pobos galego e irlandés”, afirma.

Na época marcada polos incendios, é especialmente importante que os nenos adquiren ese amor polos bosques e os animais, polo que o libro pode ser “un bo recurso didáctico nos colexios, así como para ser lido por nenos e nenas de distintas idades ou por calquera persoa interesada na lenda de Breogán ou afeccionada ao álbum ilustrado”.

En definitiva, sinala, é un libro moi galego, cargado de memoria e perfecto para agasallar. En canto á ilustración, “os debuxos fíxenos o mellor que puiden, tamén o álbum ilustrado. Gústame traballar con moita calma porque permite facer un libro grande, en tapa dura, a dobre páxina, e lucirse nas ilustracións. Por iso intentei facer un libro bonito, para contemplalo e lolo máis dunha vez”.

STIHL

MÁXIMA CARGA ESTA PRIMAVERA
PARA LOS MÁS EXIGENTES

GRATIS BATERÍA ADICIONAL
EN MODELOS SUICIDAPADDER

489€

Ferretería Sarriá

Pedro Saco 33, Sarriá.
Telf. 982 532 202

LIMPIEZAS DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabellimpiezas@gmail.com

O Goberno aposta pola limpeza e o mantemento



O Goberno local de Samos levou a cabo durante o verán un amplo operativo de roza e desbroce en distintas parroquias e núcleos de poboación, entre eles Vilar do Real, Vila do Castro, Vigo do Real, Ponte de Lóuzara, Gontán, o Castro de Formigueiros ou Praducelo.

Ademais, realizáronse tarefas de arranxo e acondicionamento de mobiliario urbano, xunto con labores de limpeza de sinais viarias. A veciñanza valora estas accións, xa que supoñen unha mellora no estado do municipio tanto para habitantes como para peregrinos e turistas.

Unha ruta literaria puxo en valor os escritores galegos en Samos

O Concello de Samos, en colaboración coa asociación cultural Roxín Roxal de Paderne, organizou o unha ruta literaria guiada por Xaime Fernández, técnico da Oficina de Turismo municipal, que incluíu paradas en lugares como a Capela do Ciprés e o Mosteiro Beneditino. Ao longo do percorrido, os participantes achegáronse á obra e á figura de escritores destacados como Fiz Vergara, Feijoo, Ramón Cabanillas, Sarmiento, Murguía ou Álvaro Cunqueiro, así como a voces actuais da literatura galega como Xabier Quiroga e Xose-Henrique Costas. A ruta dedicou tamén un espazo ao trobador medieval Martín de Padrozelos, natural do lugar de Praducelo,



en Samos. A explicación contou coa colaboración de Dulce Fernández, da Universidade da Coruña, autora dunha tesina sobre o trobador en 1993. A visita literaria incluíu tamén unha parada na Praza Fiz Vergara, na contorna da Horta da Farmacia, para render homenaxe ao poeta da Lóuzara. Xa pola tarde, a programación completouse cunha presentación literaria a cargo de Xose-Henrique Costas, que deu a coñecer o seu libro Banu

Marwán: a estirpe do galego. Ademais desta iniciativa, o Concello de Samos anunciou que ao longo do mes de setembro organizará dúas rutas máis: unha pola Serra do Edramo, o Castro de Formigueiros e a Necrópole Megalítica de Santa Mariña; e outra polo Camiño Eufrasiano. Ambas propostas serán de carácter gratuito e estarán dirixidas tamén por Xaime Fernández.

XIII FEIRA DE ARTESANÍA
E PRODUTOS DA ZONA

TRIACASTELA
28 DE SETEMBRO DE 2025

ORGANIZAN: CONCELLO DE TRIACASTELA ASOCIACIÓN DE ARTESANAS DO TEJAR ARTELAR ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS TRES CASTROS

COLABORAN: XUNTA DE GALICIA ARTESANÍA DE GALICIA DEPUTACIÓN DE LUGO

A Furgoteca volve en setembro con dúas rutas

A Furgoteca, o servizo de bibliotecas móbiles da Xunta de Galicia, estará no concello de Samos durante o mes de setembro con dúas rutas programadas. O primeiro percorrido será o 19 de setembro, correspondente á Ruta 2. A xornada comezará ás 10:50 horas na Capela de San Román de Lousada, continuará ás 11:10 horas na Igrexa de San Martiño de Lousada e ás 11:40 horas en Samos, na Avenida Compostela. Pola tarde, ás 13:00 horas farase parada en San Cristovo de Lóuzara, ás 13:40 horas en San Martiño

do Real, ás 14:05 horas en Lusío, ás 14:30 horas en Renche e rematará ás 15:00 horas en Castroncán. A segunda xornada terá lugar o 30 de setembro, na Ruta 1. A Furgoteca visitará ás 11:00 horas a Casa Niño Faragulla, ás 11:40 horas o CEIP de Samos e, finalmente, ás 13:05 horas Samos, de novo na Avenida Compostela, ata as 15:30 horas. Este servizo itinerante supón unha oportunidade para achegar a lectura a toda a veciñanza, especialmente en zonas onde non hai biblioteca física, reforzando así a igualdade de acceso á cultura.

PINTOR

PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936
HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES
C/ Benigno Quiroga,
93-95, b.j - **982 533 497**
SARRIA (Lugo)

A Cova Eirós volve protagonizar a actividade en Triacastela

A localidade de Canelo, en Triacastela, converteuse no epicentro da arqueoloxía galega coa celebración das II Xornadas de divulgación sobre Cova Eirós, que atraeron máis de cen veciños e veciñas, evidenciando o interese da cidadanía polo patrimonio local. O programa incluíu unha conferencia a cargo das arqueólogas sobre "A importancia dunha cova única en Galicia", na que se resaltou o valor científico e patrimonial deste xacemento paleolítico, un dos máis relevantes da comunidade.

A cita completouse cunha sesión de cinema ao aire libre, na que se proxectou en preestrea o documental O camiño de Cova Eirós, ofrecendo aos asistentes unha experiencia visual que reforzou a conexión co pasado histórico da comarca.

Ademais, desde a praza do Concello puido desfrutarse dunha experiencia de realidade virtual titulada Galiverso: no corazón da pedra, un programa da Xunta de Galicia que permitiu ao público explorar o xacemento arqueolóxico de maneira inmersiva. Esta actividade ofrecía unha reconstrución tridimensional da cova, incluíndo áreas como a zona de escavación ou a sala dos motivos rupestres. Os organizadores destacaron o éxito da convocatoria, que non só dá visibilidade ao patrimonio arqueolóxico de Triacastela, senón que tamén reforza o vínculo da veciñanza coa súa historia e identidade cultural.



NOVOS ACHADOS. Entre os novos achados na Cova Eirós, destaca a recuperación de máis de 700 pezas do Paleolítico Medio. Ademais, os investigadores localizaron un segundo fogar, con vestixios do uso do lume e restos de fauna que confirman a importancia do xacemento como lugar de asentamento humano.

Un equipo de 22 arqueólogos e especialistas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), da de Oviedo e doutros centros científicos traballa nos niveis catro e cinco da cova, correspondentes a unha época na que a ocupación era "máis frecuente e duradeira". Tamén se está a investigar unha gruta próxima que presenta un gran potencial.

Segundo explicou o codirector das escavacións, Arturo de Lombera, o equipo atopou restos óseos de animais, ferramentas en cuarzo e cuarcita e incluso indicios de arte. Entre os achados salientan os ósos queimados de cervos e cabalos, así como fragmentos de molares de

rinoceronte. Estes materiais serán agora estudados en profundidade por especialistas nos laboratorios. A campaña permitiu identificar tamén un novo fogar paleolítico, distinto ao localizado en 2011. Trátase dunha estrutura formada por manchas de carbón e pedras alteradas polo lume, o que proba un uso continuado do espazo como campamento. "É un novo escenario de fogueiras, con varios cantos moi fragmentados pola acción do lume", detallou De Lombera.

O labor dos investigadores non se limita á escavación e documentación. Tamén levan a cabo actividades de difusión entre a veciñanza de San Cristovo de Canelo para dar a coñecer a relevancia do xacemento. Desde 2008, ano en que comezaron os traballos en Cova Eirós, os estudos permitiron recuperar miles de pezas e descubrir múltiples fogares, convertendo este espazo nun dos enclaves máis significativos do Paleolítico en Galicia e no norte peninsular.

Organizan unha nova edición da Feira de Artesanía o día 28



O Concello de Triacastela celebrará o vindeiro día 28 a décimo terceira edición da Feira de Artesanía e Produtos Locais, unha cita que xa se consolidou como referente cultural na comarca e que cada ano atrae tanto a veciños como a visitantes.

As persoas artesás interesadas en participar poderán inscribirse previamente chamando ao teléfono do consistorio, e o goberno municipal traballa xa nun programa variado que pretende manter vivo o espírito das antigas feiras que se celebraban nesta localidade.

Na última edición reuníronse arredor de sesenta postos nos que se ofreceron desde xoias, gravados, pezas de madeira ou feltro ata produtos gastronómicos como queixos, mel ou pan artesán. A feira caracterizouse tamén pola súa aposta pola cultura en directo, con obradoiros de cerámica, demostracións

de oficios tradicionais e actuacións musicais que encheron as rúas de ambiente festivo. O pregón correu daquela a cargo de Santiago Soria, enxeñeiro de montes afincado en Triacastela, quen puxo en valor o patrimonio natural e cultural do municipio.

O carácter diverso e integrador fixo da Feira de Artesanía e Produtos Locais unha cita que vai máis alá do comercio, converténdose nun punto de encontro entre xeracións e nun escaparate da riqueza cultural de Triacastela. A intención do goberno municipal é que esta décimo terceira edición mantenga a mesma esencia, combinando tradición e innovación e ofrecendo un espazo no que a artesanía e os produtos locais sexan protagonistas, pero tamén no que a música, a palabra e a convivencia teñan un papel destacado.

Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185
Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

FONTANERÍA Y GAS VILAR VALCARCEL

AEROTERMIA
••

SUELO RADIANTE
••

BIOMASA
••

INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS
••

JOSÉ LUIS VILAR LOSADA

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

DEPORTES

Máis de 500.000 euros na mellora do campo de fútbol da Ribela



O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, acompañado polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión co alcalde de Sarria, Claudio Garrido, para confirmar o compromiso do Goberno galego de acometer melloras no Estadio Municipal da Ribela, co obxectivo de cumprir cos estándares que esixe a Segunda RFEF tras o ascenso da SD Sarriana.

Na xuntanza, á que tamén asistiron os concelleiros Félix Seijas e Carmen José López, acordouse a sinatura dun convenio polo que a Xunta alcanzará máis de 500.000 euros, o que supón o 70% dun investimento total superior aos 700.000 euros entre proxecto e execución das obras.

As actuacións previstas inclúen a substitución do céspede artificial, a renovación do sistema de iluminación e a mellora do equipamento do estadio, garantindo así a mo-

dernización das instalacións e a súa adecuación ás necesidades actuais de seguridade e funcionalidade. Esta iniciativa enmárcase na liña de apoio da Xunta ás administracións locais, en especial ás infraestruturas deportivas de carácter municipal.

O Goberno autonómico dispón de diferentes programas de axudas destinados a mellorar este tipo de instalacións, ás que se lles concede prioridade nos criterios de valoración, co fin de ofrecer espazos de calidade tanto para deportistas como para afeccionados e promover a práctica deportiva en Galicia. Neste mesmo sentido, ao longo de 2024 a Xunta impulsou máis de 400 actuacións en instalacións deportivas, tanto de titularidade autonómica como municipal, cun investimento conxunto de 22 millóns de euros a través da Secretaría Xeral para o Deporte e doutras liñas de apoio específicas para concellos.

A AC Taekwondo Sarria inicia a tempada 2025-2026

A AC Taekwondo Sarria arrincou a terceira tempada o 1 de setembro cun programa completo de actividades para todas as idades. A escola ofrece clases de taekwondo desde os 3 anos, consolidándose como un espazo de formación que non só ensina técnica deportiva, senón que tamén educa en valores como o esforzo, o sacrificio, o compañeirismo, a concentración e o respecto polas normas. Ademais, proporciona a actividade física necesaria para o desenvolvemento dos nenos, traballando a flexibilidade, a coordinación, o hábito do deporte e o goce a través da competición.

Os horarios do novo curso distribúense de luns a venres, adaptados aos diferentes grupos de idade e modalidades. Para os máis pequenos, a psicomotricidade destinada a nenos de 3 e 4 anos impartirase os luns e mércores de 16:15 a 17:00. Os grupos TKD Kids, dirixidos a idades de 5 a 7 anos, terán as súas sesións en dúas quendas: o grupo 1 adestrará luns e mércores de 17:00 a 18:00, mentres que o grupo 2 o fará martes e xoves no mesmo horario.

Na categoría infantil, de 8 a 11 anos, tamén haberá dous grupos: o primeiro adestrará luns e mércores de 18:00 a 19:00, e o segundo martes e xoves de 18:00 a 19:00. Para os adolescentes de 12 a 17 anos, o grupo júnior contará con clases os luns e mércores de 19:00 a 20:30, e os adultos maiores de 18 anos dispoñerán de horarios os luns e mércores de 20:45 a 22:00 e os xoves de 21:00 a 22:00.



A disciplina de Poomsae, centrada no traballo técnico do taekwondo, contará con clases específicas. O grupo infantil, para idades de 5 a 8 anos, adestrará os xoves de 16:00 a 17:00. Para os maiores de 8 anos que participen en modalidade de competición, os horarios serán xoves de 18:30 a 20:00 e venres de 17:15 a 18:30. Ademais, haberá adestramentos especiais de Poomsae dirixidos a cintos negros, os venres de 18:00 a 19:30.

O apartado de combate tamén terá un lugar destacado na programación. Os grupos de competición, a partir de 8 anos, contarán con clases os venres de 16:00 a 17:15 e os xoves de 19:30 a 21:00.

Por último, a AC Taekwondo Sarria mantén o seu compromiso de achegar o taekwondo aos colexios, con adestramentos escolares previstos os martes de 15:30 a 16:45.

AS PREVISIÓNS. Segundo explicou Alex Losada, promotor da AC Taekwondo Sarria e adestrador na

escola, as previsións para a nova tempada son boas. “Imos desdobrar grupos, xa que medramos en número de licenzas e mantivemos as que tiñamos. Polo tanto, estamos moi contentos este ano e a expectativa é chegar aos 150 alumnos e alumnas. Tamén temos como obxectivo que alcancen o cinto negro, así como que os competidores máis novatos, os que están empezando e iniciándose no taekwondo, fagan unha saída internacional en outubro a Lisboa para iniciarse en competición, que está xenial, sobre todo para os que comezan”, explicou.

Na parte máis competitiva destacan Brais Lombardero e Mateo Fernández, que actualmente son primeiros en Galicia, e o obxectivo sería que conseguiran proclamarse campións de España a nivel individual, despois de selo xa a nivel de equipos. “E, se fose posible, o obxectivo final sería que se clasificaran para ir a Corea en setembro de 2026”, engadiu Losada.

DHG Team de Sarria abre a preinscrición para a súa escola

O DHG Team de Sarria anunciou a apertura da preinscrición para a tempada 2025-26 da súa escola de BTT, un espazo formativo e lúdico pensado para que os nenos e nenas aprendan e gocen do ciclismo en todas as súas modalidades: XC, Enduro e DH, sempre baixo a supervisión de monitores titulados. A escola está orientada a nenos e nenas a partir dos 5 anos, sendo requisito saber andar sen rodilhões, e os grupos organízanse por idade e nivel. Para os maiores de 14 anos, haberá unha clase específica de Enduro e DH



con remonte cada sábado pola mañá. As clases desenvolveranse os mércores, venres e sábados, con horarios adaptados a cada grupo de idade, e

os prezos comezan desde 25 euros ao mes, incluíndo seguro e ficha federativa. A actividade dará comezo en outubro.

C-27-000501

Centro de

Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?

TRASTORNOS

• MIOFUNCIONALES

• AUDICIÓN

• LENGUAJE ORAL Y ESCRITO

• HABLA

• VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

O Páramo acollerá a proba ciclista BTT A Ribeira o día 14

O Concello do Páramo converterase o 14 de setembro nun referente do ciclismo coa celebración da BTT A Ribeira, unha iniciativa impulsada por Pilar e Alba, do Atlántigas Club Deportivo. As dúas deportistas locais conseguiron reunir xa máis de 150 participantes, entre eles clubs de renome como o DHG Team de Sarria, e prepararon un programa que combina deporte, festa e promoción do territorio.

A proba desenvolverase en tres modalidades: unha ruta curta de 37 quilómetros, unha longa de 50 e un circuío mini BTT cun percorrido de 10 quilómetros máis un tramo con obstáculos nunha leira. Todas as saídas e chegadas estarán localizadas no campo da festa de San Mamede da Ribeira, desde onde partirán as rutas ás 9.30 horas. Ao rematar, veciñanza, participantes e visitantes poderán gozar dunha comida popular, e ás 14.00 horas entregaranse premios e recoñecementos ao club máis numeroso, á persoa de maior idade, ao participante máis novo, ao máis elegante e a quen chegue dende máis lonxe, neste caso unha ciclista procedente de Móstoles.



As organizadoras subliñan que “organizar isto é un soño porque nacemos e vivimos aquí, pero foi moi difícil, polo que fixo falta moitos patrocinadores como o Concello do Páramo e a Xunta de Galicia. Sobre todo, queremos poñer en valor a axuda dos voluntarios, veciños que se implicaron no evento”.

O programa busca tamén dar visibilidade ao concello e aos seus produtos. Por iso, ademais das rutas ciclistas, haberá degustación de queixos, empanadas, tartas e lacón, exposición de esculturas de madeira feitas por un veciño e a presenza dunha artesá que levará

chaveiros de resina. Ao longo do percorrido disporanse postos con auga, filloas e roscas, e cada cruzamento de estrada contará cun voluntariado, ademais de ambulancias, protección civil e motos abrindo e pechando os tramos para garantir a seguridade.

Xa pola tarde, de 16.30 a 19.30 horas, programaranse actividades infantís con pintacaras, inchables e monitores, abertas tanto a familias dos inscritos como á xente que participe na comida popular. A xornada pecharase coa actuación musical do DJ Min ás 17.00 horas.

A SD Sarriana pide apoio social e institucional para consolidarse

A SD Sarriana debuta xa na Segunda Federación cun cadro de xogadores que asume o obxectivo de consolidar a Sarriana nesta categoría.

Trala renovación de varios profesionais como Jacobo Vilariño, Aroa Sané, Álex Millán, Javi Piay, Álex Boedo, o porteiro César Pirot, Santi Gegunde, Maxi Levrand, Tomás Susavila, Valentín Mosqueira, Martín López, Guitián e Miguel Raimúndez; tamén afrontaron as fichaxes de novos nomes que resoarán na vila de Sarria esta tempada.

Estes son de Antón Núñez, Iago Díaz, Iago Parga, Nacho Olivera, Edu González, Ivaldine da Silva, Iker Rodríguez, Fernando Embadje, Alberto Freire, Noah, William, David Vilán, Tomás Berardozi, Maycon Douglas, Hugo Villaverde e Pablo Parada.

Ademais, desde o club destacan o corpo técnico que traballará da man do primeiro equipo para desenvolver unha boa tempada deportiva nesta nova categoría. Así, o adestrador é Iván Carril, xunto co segundo técnico, Borja Collar, e o adestrador auxiliar, que será Iván Noé. Pola súa parte, o adestrador de porteiros será Nacho Fernández, Adrián Ba-



amonde será o preparador físico e Agus Insua será o fisioterapeuta.

Desde o club sinalan que esta tempada será de gran importancia tanto para a entidade como para a vila de Sarria, pois a participación en Segunda Federación converterá ao municipio nun escaparate a nivel estatal, do mesmo xeito que o é o Camiño de Santiago, pola chegada de numerosos visitantes. A directiva considera que o fútbol será unha das mellores cartas de presentación de Sarria por toda España e fai un chamamento á veciñanza para que apoie ao equipo. O club asegura que contará con co-

laboración da Xunta, do Concello e da Deputación, pero insiste en que é necesario que as administracións incrementen as súas achegas. Argumentan que no municipio debe haber un reparto equitativo entre as diferentes asociacións, pero subliñan que a Sarriana merece un apoio diferencial pola repercusión social que ten no municipio. “Precisamos máis axuda para poder manter o equipo en Segunda e consolidarnos na categoría”, explican e destacan que Sarria é a localidade máis pequena de toda a categoría, polo que resulta imprescindible contar con ese reforzo.

O CB Sarria arrinca unha tempada chea de ilusión e novidades



O Club Baloncesto Sarria iniciou a tempada 2025-2026 cun ambiente de optimismo que, segundo destacan desde a entidade, é “ilusionante”.

No marco da Noite Meiga celebrouse na Praza da Vila un exitoso Torneo 3x3, que encheu de baloncesto a fin de semana con máis de vinte horas de xogo. Foron dous días intensos e apaixonantes, nos que reinou o compañeirismo dentro e fóra da pista, e nos que o club agradeceu a participación e a entrega de todos os xogadores. Os xogadores e xogadoras volveron aos adestramentos con moita enerxía tras o período vacacional e xa teñen por diante os primeiros encontros, que se celebrarán a fin de semana do 12, 13 e 14 de setembro no municipio portugués de Mondim de Bastos, onde o club foi convidado a un torneo no que participará con cinco equipos das categorías alevín, infantil e cadete.

Entre as novidades deste curso

destacan a incorporación de novos adestradores, reforzos nos equipos sénior e a presenza de tres conxuntos competindo en Liga Galega, ademais do sénior masculino, que repetirá unha tempada máis na Segunda División Autonómica. A nivel colectivo, o club continúa en expansión, xa que aos 14 equipos da pasada campaña sumáronse tres ou catro máis.

Ademais da competición oficial, o CB Sarria organizará o III Torneo Torreón interprovincial, a tradicional recollida de xoguetes da Campaña Solidaria Miguel Cumbras e o III Campus de Nadal, que se complementará coa Xuntanza coas familias, na que se celebrarán partidos entre pais, adestradores e fillos, rematando cunha chocolatada con churros. No segundo tramo da tempada tamén regresarán o Verán de Basket, o torneo 3x3 e o Campus Baloncesto no Camiño, consolidando un calendario cargado de deporte e convivencia.




ATENCIÓN FAMILIAR SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSGRADA	HORARIOS DE LUNS A SÁBADO Horario continuo de 9:00 a 21:00 h. DOMINGOS E FESTIVOS De 10:30 a 14:00 h. RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA www.facendafarruquino.gal
---	---

DE RUTA EN RUTA

Begonte: Ruta das lagoas

A importancia deste espazo natural no corazón da Terra Chá vai máis aló do mero atractivo paisaxístico

A ruta das lagoas de Begonte acolle un percorrido de arredor de seis quilómetros, de dificultade baixa e accesible para todos os públicos, permite descubrir un dos tesouros naturais máis destacados do concello de Begonte: a coñecida Ruta das Lagoas, situada no corazón da Terra Chá. O itinerario pode iniciarse dende o Club Fluvial de Begonte. Tomando en coche a estrada N-VI cara a Baamonde, tras uns tres quilómetros aparece un indicador que dirixe ata a Lagoa de Riocaldo. Nese punto, cómpre desviarse e avanzar uns trescentos metros máis ata o lugar habilitado para deixar o vehículo. A partir de aí comeza a andaina a pé. O camiñante debe seguir pola esquerda, onde pronto se abre ante a vista a primeira das lagoas. Rodeando a súa beira, a senda conduce ata unha pequena estrada, na que se debe volver tomar á esquerda ata desembocar de novo na nacional. Alí, cómpre virar á dereita para acompañar o curso do río Ladra, que leva ao paso da ponte da autovía. Desde ese punto, a paisaxe ofrece unha ampla panorámica de grande beleza. Continuando polo sendeiro, a ruta guía ao visitante ata as Lagoas do Pedroso, outro enclave de enorme valor ambiental. De regreso, hai que volver cruzar a ponte e desviarse á esquerda por unha estreita estrada que fai un xiro á dereita, atravesando dúas das lagoas de Riocaldo. Este tramo enlaza co primeiro

desvío tomado ao inicio, de maneira que se completa o percorrido circular ata o punto onde se deixara o coche. Existe tamén a posibilidade de prolongar a visita: se desde o aparcamento se toma o camiño contrario ao comezo, bordeando outra das lagoas, chega a unha pequena casa abandonada. Nese lugar só queda dar a volta e desfacer os pasos andados.

UN ECOSISTEMA ÚNICO. A importancia deste espazo natural vai máis aló do mero atractivo paisaxístico. A Terra Chá posúe un dos conxuntos húmidos máis relevantes de Galicia, auténtico santuario para a biodiversidade. As lagoas situadas entre as parroquias de Begonte e Pacios, a carón do río Ladra, constitúen un refuxio vital para numerosas aves migratorias que chegan no inverno. A maioría destas formacións acuáticas teñen a súa orixe en antigas extraccións mineiras de area e arxila, pero hoxe son fogar dunha variada flora e fauna. O enclave está recoñecido como Lugar de Interese Comunitario dentro da Rede Natura 2000. Entre a fauna destacan garzas, cormoráns e patos, xunto a mamíferos como xabaríns e corzos, que completan a riqueza dun ecosistema que converte a Ruta das Lagoas nun destino imprescindible para quen busca natureza en estado puro. Con esta ruta, camiñantes e visitantes poderán desfrutar dun espazo natural inesquecible.





Pili Madeira

FLORISTAS

bicarelo

📍 Rúa da Liberdade, 137

27600 Sarria (Lugo)

☎ 982 530 015 / 633 226 988

✉ floristeria@servimadeira.es

🌐 www.floristeriamadeira.es

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias

Tanatorios

Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo

Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es